E a pesar de que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, un recente estudo das universidades de Oviedo e León indica que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos. Tamén se estima que decenas de milleiros de hectáreas de superficie agrícola está sendo ocupada por plantacións de eucaliptos, que ademais invaden tamén as ribeiras dos nosos ríos, todo o anterior en flagrante e ben visible contravención da nosa lexislación, incomprensiblemente permitida pola Xunta, que dispón de todos os medios para evitala. Unha situación á vista de calquera que teña ollos e, simplemente, faga un percorrido por calquera parte de Galicia, con excepción de parte da provincia de Ourense.

No monte galego conflúen medio ambiente e economía. O eucalipto é un recurso económico que debe ser compatibilizado co respecto ao medio que impón o artigo 45 da Constitución, a lexislación nacional e a europea. A necesidade de limitar a expansión da especie, recoñecida pola propia Xunta, é maior tendo en conta a irrupción do *e. nitens*, que medra nas zonas interiores de Galicia, onde non podía facelo o tradicional *e. globulus*. Dito doutra forma, coa chegada do *nitens*, os límites naturais do eucalipto tenden a desaparecer, polo que o seu

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

potencial colonizador expándese, feito ao que se une que o cambio climático tende a aumentar o hábitat apto para esta especie.

A inexistencia dunha política forestal axeitada afondou os problemas do monte. A revisión do plan forestal é, sen dúbida, unha ocasión para dinamizar un sector económico estratéxico, dentro do dereito a un medio ambiente adecuado e sen perder de vista a íntima relación cos lumes pero non contribúe á esperanza a carencia -criticada polo Consello de Contas- dunha mínima avaliación do cumprimento do plan anterior.

Tampouco contribúe á esperanza o feito de que o ex conselleiro de Medio Ambiente D. Carlos del Álamo forme parte do Consello de Administración de Ence ou que a ex conselleira Dna. Beatriz Mato teña sido contratada pola empresa Greenalia menos de 2 anos despois de deixar a Xunta.

Un estudo efectuado recentemente pola Universidade do País Vasco e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, por encargo do Goberno vasco, a instancias do Parlamento vasco -que en 2018 debatera sobre a consideración ou non desta especie como invasora-, conclúe que as plantacións de eucaliptos “teñen un efecto ambiental negativo, tanto no País Vasco como no resto da península”. O estudo considera que, aínda que os incendios forestais e a loita contra o quentamento global “son aspectos complexos nos que xogan tanto factores biofísicos como socioeconómicos”, consideran que “en ambos campos as plantacións de eucaliptos non reducen, senón que aumentan os riscos” fronte a outro tipo de especies forestais, concluíndo que “a expansión do eucalipto pode ocasionar serios efectos ambientais no País Vasco e ameazar aínda máis especies incluídas no Catálogo Vasco de Especies Ameazadas'.

Son tamén diversos e reiterados os estudios científicos feitos en Galicia que conclúen que o eucalipto reduce a biodiversidade.

Por outra banda, o efecto paisaxístico das plantacións de eucaliptos é tamén evidente, eliminando as variacións estacionais de cores propias dos bosques caducifolios que tanto enriquecen a paisaxe e cada vez son máis limitadas en Galicia.

E o traballo da investigadora da Universidade da Coruña Marta Lamigueiro Durán, titulado “Patrimonio forestal sostenible en Galicia: el eucalipto” publicado tamén recentemente conclúe o seguinte:

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8082
Data envío: 14/01/2021 18:37:38.200

*"A propósito de lo recogido en el apartado I de este trabajo, podemos constatar que el eucalipto es una especie pirófita, no autóctona y que provoca un impacto en el ecosistema natural. En cambio, constituye el producto forestal más abundante de Galicia por su gran rendimiento económico. A través de la información a la ciudadanía y de un cambio de las políticas forestales, nuestra Comunidad Autónoma se podría ver envuelta en un cambio en la industria maderera.En relación a dichas políticas, y tal y como se establece en el apartado IV, Galicia necesita la inmediata aprobación de su nuevo Plan Forestal. Al ser el actual del año 1992 y a pesar de las revisiones realizadas, no se adapta a la realidad jurídico-práctica de la Comunidad, cuestión muy relevante por el importante impacto económico que produce la industria forestal. El nuevo Plan Forestal se redactó en 2012, sin embargo en 2019 sigue sin aprobarse. Esta constituye una situación de incerteza jurídica que no resulta beneficiosa a un territorio con una producción en este sector tan elevada….sería un error prohibir totalmente las plantaciones de eucalipto, tanto por las grandes superficies con las que cuenta esta especie en Galicia como por la rentabilidad económica que supone respecto al mundo rural. No obstante, no es recomendable seguir con las políticas de actuación vigentes, ya que nuestra Comunidad Autónoma cometería el riesgo de convertirse en un territorio de monocultivo forestal de eucaliptales. Por ello, a pesar de no prohibir esta especie por el gran impacto que supondría, se deben tomar diversas medidas para su limitación. Es inexcusable también un fomento de la ordenación forestal y la selvicultura, como se establece en el apartado IV, propiciando así la gestión forestal sostenible. Asimismo, sería positivo fijar un límite de ocupación del territorio y la prohibición de plantación de nuevas especies de Eucalyptus en espacios naturales protegidos".*

En suma, o eucalipto como valor económico do que depende parte da economía de Galicia debe ser conciliado co dereito a un medio ambiente adecuado constitucionalmente protexido e que se vai desenvolvendo cada vez máis a medida que a sociedade cobra conciencia da importancia de protexer o medio e das consecuencias de non facelo, que se manifestan crecentemente nos nosos días e ameazan directamente o noso modo de vida. Esa conciliación non existe en absoluto na actualidade, nunha claro desleixo de funcións por parte do Goberno galego, con consecuencias directas sobre o medio e a paisaxe de Galicia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8082
Data envío: 14/01/2021 18:37:38.200

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

1ª) Vai o Goberno galego a adoptar medidas que poñan fin á expansión incontrolada e acelerada da superficie dedicada a plantación de eucalipto en Galicia e diversifiquen as especies presentes nos nosos montes?

2ª) Vai adoptar o Goberno galego medidas para reducir a presenza e expansión do eucalipto nos espazos naturais protexidos de Galicia?

3ª) Vai facer cumprir a Xunta as limitacións impostas pola lei 7/2012, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións de eucalipto en terreo agrícola?

4ª) Cantas sancións impuxo nos últimos 5 anos a Xunta de Galicia pola plantación de eucaliptos non axustada á normativa de aplicación?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 17:58:30**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2021 17:58:45**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2021 17:58:59**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8083
Data envío: 14/01/2021 18:37:58.322

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.

Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8083
Data envío: 14/01/2021 18:37:58.322

reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego que a Administración autonómica debe mellorar a avaliación da eficacia e da eficiencia das políticas públicas ante a situación de restrición financeira que impón a actual e grave crise económica e as perspectivas dunha lexislatura que vai estar marcada pola crise sanitaria e económica?

2ª) Pensa o Goberno galego que necesitamos unha Administración máis resiliente para reaccionar mellor ante fenómenos como a actual pandemia e os seus efectos económicos e sociais?

3ª) Cales son os mecanismos dos que dispón o Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica, é dicir, da eficacia e eficiencia das políticas públicas autonómicas?

4ª) Canto persoal da Administración autonómica se dedica a ese cometido e en que departamentos da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:00:31**

**Paloma Castro Rey na data 14/01/2021 18:00:49**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8084
Data envío: 14/01/2021 18:38:17.386

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes de febreiro deste ano a sociedade galega tivo coñecemento de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, aproximadamente ano e medio despois de ter abandonado a Xunta de Galicia, comezou a traballar como "directora de Desarrollo Corporativo y RSC" para a empresa Greenalia.

A citada empresa depende da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións relativas á súa actividade e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de diversos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno determina as incompatibilidades dos altos cargos de Galicia. Así, no seu artigo 45 aborda as limitacións de actividades despois do cese do cargo, establecendo:

*1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cese, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditaran resolución no exercicio do seu cargo.*

*4. Durante o mencionado período de dous anos…. deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian a realizar, con carácter previo ao seu inicio.*

*5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberá pronunciarse sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberá comunicarllo tanto á persoa afectada como á entidade na que pretenda prestar os seus servizos. Las resoluciones que reconozcan la compatibilidad con actividad privada serán publicadas en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.*

A día de hoxe, non figura no portal de transparencia da Xunta ningunha resolución sobre a súa compatibilidade, nin hai constancia de que presentase a correspondente e preceptiva declaración previa tras o seu cese como alto cargo da Xunta.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8084
Data envio: 14/01/2021 18:38:17.386

1ª) Presentou a Sra. Mato a correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta con carácter previo á súa "fichaxe" por Greenalia como determina a lei?

2ª) Se se presentou tal declaración, foi resolta?

3ª) Se foi resolta, foino en sentido favorable ou desfavorable e sobre a base de que argumentos?

4ª) Se foi resolta, por que aínda non foi publicada?

5ª) Se non foi presentada a declaración, considera a Xunta que a Sra. Mato ten algunha xustificación para non presentala?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:01:52**

**Paloma Castro Rey na data 14/01/2021 18:02:08**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8085
Data envío: 14/01/2021 18:38:33.451

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Martínez Álvarez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Nun comunicado emitido o xoves 8 polo concello de Pontedeume sinalábase que polo menos dende a mañá do día 6 de outubro as augas do río Eume baixan completamente turbias, cunha cor e textura que parece deberse a algún tipo de vertido, feito que foi trasladado inmediatamente a Augas de Galicia. A situación empeorou nos días seguintes, ata prohibirse o consumo de auga nese concello dende o día 10.

A conselleira de Infraestruturas personouse no lugar o martes 13, 7 días despois dos vertidos, para anunciar a instalación dunha barreira anticontaminante no punto de captación das augas para consumo do concello, medida que é vistosa ante a prensa (aparéntase que se fai algo e permítese facer unha foto) pero ineficaz, dado que a barreira é un dispositivo mecánico que pode ser útil para evitar a propagación de fuel –na medida en que o fuel tende a flotar e solidifícase- pero non para evitar a contaminación suspendida na auga.

Diversos colectivos ecoloxistas denuncian dende hai moitos anos que os lodos acumulados no fondo do encoro do Eume son un enorme perigo potencial para o parque natural das Fragas do Eume, que é un dos 6 que ten Galicia, así como para unha ría de tan alto valor ecolóxico, pesqueiro, marisqueiro e turístico como a de Ares, dado que poden conter todo tipo de materiais e sustancias tóxicas asociadas a contaminación que vén de augas enriba do encoro, incluíndo as derivadas de décadas de actividade mineira e industrial.

No día de onte a Xunta declarou a situación de "emerxencia", segundo informou á prensa, coa intención de recuperar a calidade das augas do Eume, ademais de anunciar a creación dunha comisión. A conselleira tamén dixo que a situación lle parecía "intolerable".

O Concello de Pontedeume denunciou ante a Xunta e o Ministerio de Transición Ecolóxica a situación.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8085
Data envio: 14/01/2021 18:38:33.451

Por outra banda, o 30 de decembro de 2020 remata o prazo do pacto ambiental asinado pola Xunta da Galicia en 2005 e que inclúe entre os seus obxectivos a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a "recuperación ambiental do río Eume”.

Cómpre lembrar que durante as últimas décadas, colectivos ecoloxistas e de pescadores denunciaron reiteradamente o incumprimento da obriga de manter o caudal ecolóxico por parte de Endesa, que mantivo practicamente seco un tramo de 4 quilómetros do río dentro do espazo do parque, ante a pasividade da Xunta.
Finalmente, o río Eume non soamente proporciona auga ás poboacións da súa ribeira senón que é esencial como cerne do parque das Fragas do Eume, dado que o principal valor ecolóxico dese parque, segundo tanto publicita a Xunta e a pesar das múltiples agresións que leva décadas sufrindo, é o de ser o bosque atlántico de ribeira mellor conservado de Europa, e un bosque de ribeira dificilmente pode estar ben conservado se o río do que depende está contaminado.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Determinou a Xunta cal é o estado das augas do río augas abaixo do encoro do Eume e as causas dese estado?

2ª) Que medidas adoptou ou vai adoptar para garantir que se normaliza o estado das augas do Eume tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo?

3ª) Determinou a Xunta que consecuencias ten o estado das augas do Eume para un parque como é o das Fragas do Eume que está conformado en torno a ese río, do que dependen os seus valores ecolóxicos como ecosistema formado polo río e o bosque de ribeira que o rodea?

4ª) Hai algún expediente sancionador en marcha por causa da contaminación do río?

5ª) Abriuse algún expediente sancionador a Endesa dende a creación do parque en 1997 a causa de vertidos ó río ou do incumprimento do caudal ecolóxico.

6ª) Afectan xa ou presentan risco os lodos depositados no encoro do Eume dende o punto de vista do estado ecolóxico do parque ou da saúde das persoas que viven augas abaixo?

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8085
Data envio: 14/01/2021 18:38:33.451

7ª) Que plans ten a Xunta para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna despois de 60 anos de lucrativa explotación da concesión hidráulica por parte de Endesa?

8ª) Que medidas levou a cabo ou está previsto que leve a cabo Endesa no marco do acordo coa Xunta para restaurar o río Eume?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:24:57**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2021 18:25:12**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2021 18:25:25**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8086
Data envío: 14/01/2021 18:38:55.071

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia dunhas excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo.

No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construirán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica e incumpríronse cuestións relativas ao impacto ambiental, pois o 50 % desa

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8086
Data envio: 14/01/2021 18:38:55.071

potencia instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques.

Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións.

Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que, ante o forte relanzamento do sector eólico que se está a producir e o que está previsto na próxima década, se está a protexer adecuadamente o noso territorio do impacto ambiental do sector eólico, sinaladamente na Rede Natura?

2ª) Deberían mellorarse os mecanismos de información e transparencia para garantir que a implantación de parques eólicos en Galicia teña o menor impacto ambiental posible?

3ª) Cre necesario modificar a distancia dos parques eólicos respecto das vivendas da veciñanza afectada?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:26:50**

**Paloma Castro Rey na data 14/01/2021 18:27:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2021 18:27:15**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8086
Data envio: 14/01/2021 18:38:55.071

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2021 18:27:27**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8087
Data envío: 14/01/2021 18:39:13.328

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluíndo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta ós

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

propios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugardos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que está facendo e ten previsto facer a Xunta de Galicia para solucionar o dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

2ª) Sabe a Xunta de Galicia cales son as causas do dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

3ª) Fixo a Xunta de Galicia, como Administración competente, un estudio integral da situación e das causas do declive do marisqueo na ría de Ferrol? Ten previsto facelo?

4ª) Vai a Xunta de Galicia conceder algún tipo de axuda ás persoas mariscadoras da ría de Ferrol para compensar ese declive?

5ª) Vai a Xunta poñer en práctica un plan de rexeneración integral e recuperación da actividade marisqueira nunha ría na que o marisqueo parece estar hoxe en transo de chegar á desaparición?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:18:56**

**Julio Torrado Quintela na data 14/01/2021 18:19:10**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8087
Data envio: 14/01/2021 18:39:13.328

**Patricia Otero Rodríguez  na data 14/01/2021 18:19:22**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8088
Data envío: 14/01/2021 18:39:37.124

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rei, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A actual delegada da Xunta en Pontevedra, dona María Luisa Piñeiro Arcos e o presidente da Federación galega de fútbol e ex presidente da Deputación de Pontevedra, don Rafael Louzán, foron no seu momento acusados pola Fiscalía de prevaricación e fraude en relación coa remodelación dun campo de fútbol no concello de Moraña. A fiscalía pide 3 anos de prisión e 9 de inhabilitación para Louzán como autor e a mesma pena para Luisa Piñeiro, como cooperadora necesaria do primeiro delito e coautora do segundo, ademais doutras acusacións que afectan a outras persoas en relación cos mesmos feitos. A celebración do xuízo tivo lugar o venres 20 de novembro de 2020.

No escrito de acusación, o fiscal fixa o inicio das irregularidades en decembro de 2011, cando a Deputación de Pontevedra aprobou un convenio co Concello de Moraña, que tiña por obxecto remodelar o campo de fútbol deste municipio, e incluía unha achega de case un millón de euros por parte do Goberno provincial, máis 21.000 euros para a redacción do proxecto.

A actuación financiouse mediante unha subvención discrecional de Louzán, entón presidente da Deputación, e foi adxudicado á empresa construtora Eiriña.

Dous anos despois, a Deputación aprobou modificar o proxecto para, segundo o fiscal, abonar uns 86.000 euros á construtora por un sobrecusto relativo a unhas obras no contratadas, a pesar de que a lei impedía exceder o importe da adxudicación.

Segundo o fiscal, ante a negativa dos técnicos da Deputación a abonar ese incremento, os acusados "idearon un sistema artificioso, en fraude de lei, tendente a abonar a la empresa Eiriña el importe que reclamaba sobre el presuposto aprobado".

A entón alcaldesa (hoxe delegada da Xunta) solicitou unha nova subvención á Deputación para executar unha serie de melloras no vestiario e as gradas do campo que, segundo o fiscal, facían referencia á execución de obras, que, polo menos parcialmente, xa foran realizadas.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8088
Data envio: 14/01/2021 18:39:37.124

A pesar de que o proceso de contratación incluíu a outras empresas -propiedade de dous dos acusados- como "mero trámite", segundo o fiscal, as obras foron adxudicadas a Eiriña mediante una partida de libre disposición do presidente da Deputación para cubrir o sobrecusto inicial, tamén segundo o fiscal.

A imputación non tivo ningunha consecuencia para a Sra. Piñeiro, que ascendeu na escala 'popular' pasando de alcaldesa de Moraña a actual delegada da Xunta en Pontevedra.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que os feitos relatados pola fiscalía non son suficientemente graves como para apartar á actual delegada da Xunta do seu cargo, non só pola posible responsabilidade penal senón tamén pola responsabilidade política que existe con independencia da primeira?

2ª) Por que mantivo, durante todo este tempo, o Goberno galego á Sra. Piñeiro como delegada a pesar da gravidade das acusacións da fiscalía?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:21:20**

**Paloma Castro Rey na data 14/01/2021 18:21:39**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8089
Data envío: 14/01/2021 18:39:59.665

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

As revelacións que nos últimos meses se están coñecendo sobre o chamado caso Kitchen que investiga a Audiencia Nacional teñen levado a algún medio a falar do mesmo como o Watergate español e a diversos xuristas a opinar que se trata dun caso dunha gravidade sen precedentes, dado que se trata da presunta utilización dos medios e recursos do Estado para tapar a corrupción do partido que gobernaba nese momento, é dicir, o uso ilegal do Estado contra o propio Estado.

A investigación céntrase en dirimir se existiu un operativo "parapolicial" supervisado e financiado con fondos reservados do Ministerio del Interior entre 2013 y 2014 para recuperar documentos e gravacións comprometedoras para o PP, que se atopaba nese momento sendo investigado xudicialmente pola súa contabilidade e por presuntos delitos de corrupción que logo deron lugar á condena do caso Gürtel, entre outros procedementos que se atopan hoxe en distintos momentos e etapas da súa tramitación xudicial.

Entre os imputados neste caso figuran o ex ministro do Interior e o seu número dous, así como a cúpula policial da época, estando ademais identificados decenas de axentes da Unidade Central de Apoio Operativo da Policía como presuntos participantes nese operativo.

No ámbito desa investigación, fálase de “papeles que probarían pagos en B en sedes do PP de Galicia, Madrid ou Valencia”.

A pesar da enorme transcendencia dos feitos que xa se coñecen, o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ó Consello da Xunta de 10 de setembro, sinalou que “estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos”, a pesar de que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que “nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual”, ademais de sinalar que no PP xa “están acostumados” a que se “critique e recritique por feitos que pasaron hai máis dunha década”.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8089
Data envio: 14/01/2021 18:39:59.665

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno de Galicia a presunta utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do partido ó que pertence ese mesmo goberno que se investiga pola Audiencia Nacional no coñecido como caso Kitchen?

2ª) Participou o Goberno galego de xeito directo ou indirecto nesa utilización, tendo en conta de que os documentos que obran incorporados na causa refiren pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid?

3ª) Vai seguir o Goberno de Galicia, a través do seu presidente, relativizando a gravidade dos feitos que se investigan na audiencia nacional?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:07:45**

**Paloma Castro Rey na data 14/01/2021 18:07:58**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8090
Data envío: 14/01/2021 18:40:20.005

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente, non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está ultimando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).

A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, a situación de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8090
Data envio: 14/01/2021 18:40:20.005

a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

A modo de exemplo, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos na costa galega, un 21,5 % máis que hai un lustro (1.296). Dos detectados, aproximadamente o 16 % (253) excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no entorno pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo; con 60, 45 e 30 puntos, respectivamente, con carga microbiolóxica ou química tóxica, así como Ferrol (29 focos), Ares-Betanzos (19) e Pontevedra (18).

As rías de Galicia son ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade e fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente minguada pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licencias de pesca reducíronse aproximadamente á metade na última década.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1ª) Vai implantar o Goberno galego un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024?

2ª) Como ten pensado reducir eficazmente o Goberno os niveis de contaminación existentes nas rías e ríos de Galicia?

3ª) Vai mellorar o Goberno as EDAR existentes e os procesos de tratamento e xestión dos vertidos das augas residuais a través da súa depuración? Cando?

4ª) Vai estender o Goberno a rede de tratamento do saneamento para evitar os vertidos continuos ou fóra de parámetro?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8090
Data envio: 14/01/2021 18:40:20.005

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/01/2021 18:32:37**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2021 18:32:54**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2021 18:33:07**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:51:03
Nº Rexistro: 8107
Data envio: 15/01/2021 09:51:03.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a situación económica galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia do coronavirus e das novas vagas de gromos ten un indubidábel impacto na economía internacional, estatal e galega, un impacto que é dunha profundidade e impacto sen precedentes e de incerta previsión. Esta é, xa que logo, unha cuestión que se debe analizar e atender desde o ámbito galego para así poder deseñar as mellores respostas posíbeis para que esta nova crise económica sexa abordada de forma diferente á crise financeira desatada a partir do ano 2008 e que nin Galiza teña un papel subsidiario nin sexan as maiorías sociais quen asuman as consecuencias máis negativas.

Recentemente, o Foro Económico de Galiza publicaba os resultados do seu Informe de Conxuntura Socioeconómica referido ao III trimestre de 2020 e ás previsións de peche de ano. Segundo indica, atendendo aos datos prevén unha caída do 9% do PIB galego en 2020, entre as comunidades con menor descenso, prevéndose unha caída de até o 11% para o conxunto do Estado, superior en ambos os dous casos á previsión de ámbito europeo cunha media de caída do 4,2%. Así mesmo, este Informe volve sinalar unha cuestión clave: a menor velocidade na caída acompañouse na anterior crise económica, a crise financeira a partir de 2008, dunha menor velocidade nos índices de recuperación.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:51:03
Nº Rexistro: 8107
Data envío: 15/01/2021 09:51:03.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante a presentación de dito informe, as persoas expertas do Foro facían fincapé na imprevisibilidade do contexto, que dá lugar a previsións moi dispares, e no gran risco da afectación dun desplome económico no primeiro semestre do 2021 aínda que polo momento non se estea a formular a posibilidade dun confinamento homologábel ao de marzo.

Entre outras cuestións, resulta especialmente preocupante a constatación de que esta crise está a afectar máis aos sectores laborais máis debilitados e vulnerábeis. O informe sinala, singularmente, que " o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese en maior medida no caso das mulleres que no dos homes, así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea"

Así mesmo, fronte á lectura autocompracente que fai a Xunta de Galiza respecto do diferencial galego/estatal do PIB, o Foro Económico sinala que "Ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (-4,2% no primeiro e -21,5% no segundo trimestre)". Así mesmo, tamén observa que "se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que na economía española. Con todo, cómpre destacar que esta caída da actividade económica é superior á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro."

A Xunta de Galiza debe permanecer alerta respecto da evolución da economía galega con base a estes e outros indicadores, así como do seu impacto na vida dos galegos e galegas, na clase traballadora e nos índices de pobreza.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:51:03
Nº Rexistro: 8107
Data envio: 15/01/2021 09:51:03.272

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

- Como valora a Xunta a situación económica de Galiza nesta nova vaga de gromos?

- Que valoración fai das previsións macroeconómicas referentes ao balance de 2020 e referentes ás previsións para 2021?

- Como valora o impacto económico das novas medidas aprobadas a partir do mes de xaneiro?

- Como valora a evolución de Galiza e a perspectiva dunha recuperación lenta e dun posíbel balance do primeiro trimestre de 2021 crítico?

-Que correccións de orientación económica vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus?

-Considera a Xunta de Galiza que o noso país ten as ferramentas económicas precisas para enfrontar esta crise?

-Considera que máis autogoberno facilitaría a concreción e impulso de medidas máis eficaces?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:51:03
Nº Rexistro: 8107
Data envio: 15/01/2021 09:51:03.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2021 09:46:58**

**Daniel Pérez López na data 15/01/2021 09:47:00**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 09:47:09**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 10:17:34
Nº Rexistro: 8113
Data envio: 15/01/2021 10:17:34.427

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación do centro de traballo da empresa SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toman corpo as peores expectativas para o persoal da fábrica de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

A falta de carga de traballo para o presente ano 2021 que a dirección da empresa anunciara ao persoal hai un par de meses ven de concretarse na comunicación formal do peche da fábrica e do consecuente despedimento colectivo.

As causas non se lles escapan a ninguén, os modelos de palas que se fabrican na fábrica das Somozas son pequenos para os actuais requirimentos do mercado, mais nin a propia dirección da empresa oculta que aínda que existiran pedidos do modelo de palas que fabrican nas Somozas a súa produción sería máis rendíbel na fábrica de Vagos, en Portugal. Un proceso de deslocalización empresarial de libro.

O grupo Parlamentar do BNG xa ten presentado con anterioridade a esta iniciativa outra de semellante teor. Naquela ocasión o PP votou en contra por, segundo manifestaron, ter dúbidas sobre a legalidade do contido da parte resolutiva. O PSOE abstívose.



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa falta de apoio para coas medidas propostas resultan no presente escenario absolutamente escandalosas, dado o fracaso dos intentos realizados até o de agora por parte dos gobernos estatal e autonómico ante a determinación amosada pola empresa, que veñen demostrar a necesidade de poñer en marcha políticas de promoción empresarial que superen de unha vez por todas a vella (e fracasada) dinámica de ofrecer prevendas, privilexios ou condicións máis vantaxosas para a produción en competencia con outros países ou territorios. As deslocalizacións non deixan de ser unha constante da nosa historia industrial recente e presente.

Pola contra, esixencias de certas cotas produción local para as empresas que queren acceder a un determinado mercado nacional, son actualmente empregadas entre os países da nosa contorna e dentro do mesmo sector de actividade, por exemplo Franza na instalación de potencia eólica mariña.

Por iso, nun momento en que está previsto que a potencia eólica instalada na Galiza pase dos actuais 3.700 MW a 13.700, non é de recibo que a Xunta non tome medidas eficaces para garantir que este novo boom eólico sirva para industrializar o noso país, servindo tal e como se ven anunciando (dun xeito, polo visto, retórico ou meramente propagandístico), de chave de bóveda para a reactivación económica de Galiza.

Galiza ten un enorme potencial eólico, temos os montes e o vento, e o seu aproveitamento non é gratuíto para nós como pobo, pagamos custes ambientais, paisaxísticos, e sociais, pola instalación dos muíños e das infraestruturas necesarias para evacuar e distribuír a enerxía, e resulta absolutamente lexítimo, e sobre todo no actual contexto, absolutamente necesario, poñer estes recursos naturais ao servizo da reactivación económica, e da creación de riqueza para a sociedade galega no seu conxunto.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 10:17:34
Nº Rexistro: 8113
Data envio: 15/01/2021 10:17:34.427

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión perante a empresa SIEMENS-GAMESA, ou celebrado algunha reunión? Que resultado obtivo desas xestións?

Ten intención a Xunta de Galiza de promover a constitución dun marco de negociación coa empresa e coa representación legal do persoal para abordar a problemática do centro de traballo?

Ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver algunha iniciativa que permita garantir a actividade e a ocupación do centro de traballo de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas?

Ten pensado a Xunta de Galiza establecer algún tipo de condición, prioridade, ou preferencia á hora de autorizar proxectos de aproveitamento eólico no ámbito das súas competencias, a favor de aqueles que impliquen investimentos de carácter produtivo ou industrial e que sirvan para a criación de emprego?

Ten pensado a Xunta de Galiza demandar do goberno do estado que estableza prioridades do tipo que vimos de mencionar para as autorizacións de proxectos eólicos da súa competencia?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 10:17:34
Nº Rexistro: 8113
Data envio: 15/01/2021 10:17:34.427

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 10:12:55**

**Daniel Pérez López na data 15/01/2021 10:12:59**

**María do Carme González Iglesias na data 15/01/2021 10:13:07**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 11:29:02
Nº Rexistro: 8122
Data envío: 15/01/2021 11:29:02.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os gromos aparecidos nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición de contaxios nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol ven sendo recorrente desde o inicio da pandemia, mais a súa repetición nos últimos tempos, case son solución de continuidade, é dunha grande gravidade, en canto que evidencia a falta dunha correcta planificación da prevención de riscos entre o persoal sanitario que está a poñer en risco non só ás persoas traballadoras do sistema público de saúde, senón tamén e por extensión, ás persoas doentes ou familiares que por diferentes motivos vense na obriga de acudir as anteditas instalacións hospitalarias.

Unha das medidas que máis insistentemente ven reclamando o grupo parlamentar do BNG é a realización de cribados masivos PCR (e non dobre banda) entre o persoal do SERGAS alén do propiamente destinado ao coidado ou atención directa das persoas contaxiadas de COVID ou sospeitosas. Xa que, salvo mellores ou máis convincentes explicacións que polo de agora a Xunta tampouco ofrece, parece evidente que unha das razóns polas que se espallan os contaxios é a existencia entre o persoal sanitario, igual que en calquera outro ámbito, de contaxios asintomáticos.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que avaliación fan os organismos paritarios de prevención de riscos na área sanitaria de Ferrol sobre os contaxios entre o persoal traballador do SERGAS?

Por que nunha batería de preguntas presentada con anterioridade sobre a situación na área sanitaria de Ferrol, e que a Xunta contestou por escrito ao finalizar o período lexislativo, non se contestou ás preguntas relativas á prevención de riscos?

É consciente a Xunta de Galiza do risco para os doentes dunha mala organización da prevención de riscos entre o persoal traballador do SERGAS?

Por que non se teñen realizado xa cribados masivos con PCR entre o persoal do SERGAS?

A que atribúe a Xunta de Galiza a reiteración de gromos tanto entre doentes como entre o persoal traballador nos centros hospitalarios da área de Ferrol?

Que ten pensado facer para que non se repitan?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 11:29:02
Nº Rexistro: 8122
Data envio: 15/01/2021 11:29:02.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 11:09:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2021 11:09:24**

**Iria Carreira Pazos na data 15/01/2021 11:09:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2021 11:09:40**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:04:20
Nº Rexistro: 8158
Data envio: 15/01/2021 12:04:20.844

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, en demanda da ampliación dos estudos de gaita de fol e de música tradicional e popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gaita de fol na Galiza conta con estudos elementais, profesionais e superiores de música. O instrumento está presente en 4 dos 7 conservatorios profesionais (Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo) e en 1 dos 2 conservatorios superiores (Vigo) dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Alén disto, existen arredor doutros 16 conservatorios municipais ou privados, non dependentes da Consellería, que imparten ensinanzas de gaita de fol en todo o país.

No entanto, non existen na Galiza estudos musicais de posgrao relacionados coa gaita de fol ou a música tradicional. Non hai no territorio galego ningún posgrao oficial relacionado coa música en ningunha das súas vertentes: interpretación, investigación, composición ou produción. A USC conta, iso si, cun Curso Avanzado de Especialización Orquestral impartido pola Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, un título propio de posgrao destinado a formar instrumentistas de orquestra sinfónica. Mais sendo un título propio da USC, non ten recoñecemento académico en oposicións nin para o acceso a programas de doutoramento.

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, si existe a posibilidade nas universidades galegas de cursar doutoramentos en campos de investigación musicais, o que redunda na incoherencia de carecermos de estudos musicais de posgrao.

Ante a dificultade ou mesmo imposibilidade de acceso a esta formación musical académica nos estudos dos nosos instrumentos tradicionais e populares, nomeadamente a gaita de fol, persoas a título individual mais tamén desde a Asociación de Gaiteiros Galegos, fannos chegar a necesidade de inclusión dos estudos de gaita de fol en todos os conservatorios profesionais galegos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Á parte de que semella lóxico pensar que un instrumento patrimonial e identitario para o pobo galego deba estar presente en todos os centros públicos xestionados polo goberno galego, tanto na disposición adicional primeira do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, coma na disposición adicional cuarta do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establécese que as especialidades das ensinanzas de música poderán ser ampliadas para dar acollida a outras en razón do seu grao de interese etnográfico, histórico ou cultural. Coidamos que o estudo da gaita de fol na Galiza presenta interese nos tres puntos e pensamos que presenta o mesmo interese en Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, cuxos conservatorios a teñen incluída nos seus programas, ca na Coruña, Santiago e Pontevedra, onde non pode estudarse nos conservatorios da Xunta.

Entendemos tamén necesaria a inclusión do grao superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña. A pesar de que existen graos similares en Asturias e en Cataluña, por exemplo, por circunstancias históricas e culturais non é o mesmo estudar gaita de fol en Asturias, Cataluña, Irlanda, Bélxica ou Galiza. Coa gaita de fol, cambiar de territorio implica cambiar, por pouco



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sexa, a morfoloxía do instrumento, ao contrario do que lles ocorre a outros intérpretes, que poden moverse por toda Europa co mesmo instrumento exacto.

Finalmente, para complementar esta demandada formación musical, cumpriría tomar parte na creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música. Isto evitaría que o alumnado tivese que marchar fóra cursar estes estudos e axudaría a conservar e asentar na Galiza os profesionais formados aquí.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedor o goberno galego da demanda de estudos de gaita de fol que fica desantendida nos conservatorios dependentes da Xunta de Galiza?

. Ten planificada algunha proposta académica conducente a ensanchar a oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidade.

. Comparte o goberno a necesidade demandada pola sociedade de crear estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música?

. Entende o goberno que esta oferta evitaría que o alumnado galego tivese que marchar fóra cursar estes estudos e axudaría a conservar e asentar na Galiza os profesionais formados aquí?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:04:20
Nº Rexistro: 8158
Data envio: 15/01/2021 12:04:20.844

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2021 11:59:13**

**Daniel Castro García na data 15/01/2021 11:59:16**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/01/2021 11:59:25**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:18:51
Nº Rexistro: 8163
Data envio: 15/01/2021 12:18:51.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o control dos destino das transferencias realizadas á Deputación de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm.2 de Ourense estimando parcialmente a demanda presentada por un particular condena á Deputación Provincial de Ourense a abonar 193.093 € por o subministro de bancos e marquesinas á Entidade Provincial. Asemade e nun pronunciamento inusual ordena a remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal a fin de investigar a eventual comisión dun delicto de prevaricación, ao apreciar que a adquisición do mobiliario foi realizado sen a tramitación dun previo procedemento de contratación, sen contrato ou licitación previo, é dicir, "a dedo", sen a oportunidade de que outras empresas poderán realizar ofertas do mobiliario máis beneficiosas e/ou económicas.

Sen prexuízo de que unicamente se tratan de indicios da eventual comisión dun delicto de prevaricación, apreciados por unha Autoridade xudicial do orden contencioso-administrativo, o certo é que non é a primeira vez que o procedemento de contratación da Deputación Provincial de Ourense, presidida na altura polo Sr. Baltar Pumar, é obxecto dunha investigación xudicial de carácter penal por prevaricación administrativa. Así no ano 2014 mediante sentenza do Xulgado do Penal núm.1 de

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:18:51
Nº Rexistro: 8163
Data envío: 15/01/2021 12:18:51.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense, confirmada pola Audiencia Provincial, o Sr. Baltar Pumar foi condenado a 9 anos de inhabilitación especial como autor criminalmente responsable dun delito de prevaricación continuada pola contratación ilícita polo Ente provincial de máis dun centenar de traballadores e traballadoras. Xa que logo "chove sobre mollado".

De conformidade co apreciado polo Xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense semella que, a prevaricación continuada apreciada no seu día en materia de contratación de persoal, tamén atinxía a outros eidos da contratación da Deputación Provincial, como son os subministros de mobiliario.

Tanto pola importancia dos recursos económicos transferidos á Entidade Local, como pola tutela financeira que a normativa vixente impón á Xunta de Galiza sobre ás Entidades Locais, aconsellan -e aconsellarían- extremar as medidas de vixianza e control sobre o destino dos recursos achegados a Deputación Provincial de Ourense, e os procedementos de contratación seguidos para unha mellor e máis eficiente xestión dos mesmos, e o inescusábel cumprimento das normas de contratación en vixencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Que valoración realiza a Xunta de Galiza a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense que, de oficio e antes as evidencias constatadas na tramitación do recurso contencioso- acorda remitir ás actuacións á Fiscalía para a investigación dun delito de prevaricación administrativa?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:18:51
Nº Rexistro: 8163
Data envio: 15/01/2021 12:18:51.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista dos numerosos indicios de ilegalidade, mesmo de transcendencia penal, ten realizado a Xunta de Galiza algunha acción de control de legalidade sobre os procedementos de contratación administrativa da Deputación Provincial?

Ten asinado a Xunta de Galiza algún convenio coa Deputación Provincial de Ourense, para atendendo as medidas preventivas deseñadas polo Consello de Contas de Galiza, evitar a corrupción no seo da referida Entidade Local?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Noa Presas Bergantiños**
**María González Albert**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/01/2021 12:15:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2021 12:16:04**

**María González Albert na data 15/01/2021 12:16:11**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:59:04
Nº Rexistro: 8173
Data envío: 15/01/2021 12:59:04.933

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar para activar a atención presencial en Atención Primaria e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial.

Exposición de motivos

A pandemia orixinada pola COVID 19, puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dxs galegxs. Deste este nivel asistencial, a pesares dos recortes a que se veu sometido durante os últimos 11 anos, realizou un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas que non precisasen hospitalización, a vez que na medida do posíbel, atendeu as necesidades asistenciais da poboación.

Mais a decisión de que os centros de saúde reduciran drasticamente a asistencia presencial, e que a atención se centraran case exclusivamente en consulta telefónica, para evitar contaxios tanto dos profesionais como da poboación. Isto ocasionou moi graves problemas no acceso á asistencia sanitaria da poboación, que se veu agravada coa chegada da época estival, onde a escaseza de persoal foi alarmante, ao obrigar xs profesionais a desfrutar das vacación nos meses de xullo e agosto e non telxs substituído na maioría dos casos, nin tampouco as baixas por ILT.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:59:04
Nº Rexistro: 8173
Data envío: 15/01/2021 12:59:04.933

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, listas de espera de semanas, para consultas, analíticas, e incluso para a atención telefónica, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros...

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos. Desprotección que tamén se produce, diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, nas franxas de maior idade, de menos recursos para o acceso e manexo das novas tecnoloxías.

A resposta a situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª.

-Que accións ten previsto realizar o Goberno galego para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria?

-Manexa algún cronograma para facelo?

-Ten a previsión de contratar máis profesionais para garantir unha atención sanitaria digna en Atención Primaria? Si é así cantos e en que prazo?

-Ten previsto aumento orzamentaria para enfrontar os retos da Atención Primaria? Si é así cal é a contía



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 12:59:04
Nº Rexistro: 8173
Data envío: 15/01/2021 12:59:04.933

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que está ben atendida a poboación realizando a inmensa maioría da prestación sanitaria vía telefónica?

-Ten feito algunha análise das consecuencias para a poboación das restricións de acceso aos centros de saúde?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2021 12:56:07**

**Iria Carreira Pazos na data 15/01/2021 12:56:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2021 12:56:29**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 13:42:49
Nº Rexistro: 8186
Data envío: 15/01/2021 13:42:49.910

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un resumo da dotación orzamentaria desde o ano 2019 ata o ano 2022. No ano 2019 aparece un orzamento de 58.833.303 euros e no ano 2020 o orzamento foi de 82.167.231 euros tal e como se recolle no devandito plan.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático dos orzamentos da Xunta de Galicia en materia xacobea imprescindible neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua de onde se está investindo os orzamentos recollidos no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 e do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 13:42:49
Nº Rexistro: 8186
Data envío: 15/01/2021 13:42:49.910

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o grado de execución do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 elaborado pola Xunta de Galicia?
2. Cales foron as accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, dentro do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 58.833.303 euros no ano 2019?
3. Cales foron as accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, dentro do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 82.167.231 euros no ano 2020?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:30:52**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:30:57**

**Martín Seco García na data 15/01/2021 13:31:08**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 13:59:50
Nº Rexistro: 8194
Data envío: 15/01/2021 13:59:50.419

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e os orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un eixe transversal que recolle un plan de mantemento dos camiños, plan de embelecemento do Camiño e da súa contorna, plan de reforma e ampliación dos albergues e un plan de sinalización do Camiño de Santiago.

O Plan Estratéxico Xacobeo 2021 non cumpriu o seu obxectivo porque no noso grupo parlamentario temos moitas demandas por parte dos concellos de sinalización e melloras do Camiño de Santiago e de construción e reformas de albergues.

A antigüidade dos albergues de peregrinos e peregrinas fai necesarios investimentos significativos para a súa adecuación a tódolos turistas que visitan a nosa terra e máximo cando estamos nun ano Xacobeo. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan investimentos e melloras nas súas instalacións.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 13:59:50
Nº Rexistro: 8194
Data envío: 15/01/2021 13:59:50.419

Dentro deste Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 existe un Plan de investimentos cunha dotación económica de 105 millóns de euros, desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobea neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales foron as actuacións por provincias da Xunta de Galicia onde se investiron os 105 millóns de euros do Plan de investimentos recollido dentro do Plan Estratéxico Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:40:26**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:40:31**

**Martín Seco García na data 15/01/2021 13:40:43**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 09:32:44
Nº Rexistro: 8209
Data envío: 18/01/2021 09:32:44.382

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que  o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un piar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 09:32:44
Nº Rexistro: 8209
Data envio: 18/01/2021 09:32:44.382

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garanten a supervivencia do pequeno comercio en Galiza?

- É consciente o goberno galego de que a falta de liquidez dos negocios os está levando ao peche?

- Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?

- Que medidas prevé a Xunta de Galiza de ámbito económico a través de axudas directas?

- E para garantir o acceso ao crédito?

- É consciente a Xunta de que a liberalización de horarios e descontos beneficia ás grandes multinacionais pero dilapida o comercio local?

- Vai defender a Xunta de Galiza a fin de políticas de oferta abusivas?

- Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir unha nova regulación de horarios que promova unha distribución racional dos tempos e a competitividade do pequeno comercio?

- Vai aprobar a Xunta de Galiza unha moratoria para impedir a implantación de novas grandes superficies comerciais?

- Vai impulsar a Xunta de Galiza un imposto ás grandes superficies comerciais e reverter o recadado no comercio pequeno e de proximidade, toda vez a lexislación europea xa abala a súa existencia?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 09:32:44
Nº Rexistro: 8209
Data envio: 18/01/2021 09:32:44.382

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 09:28:34**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 09:28:41**

**Daniel Pérez López na data 18/01/2021 09:28:50**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 10:26:23
Nº Rexistro: 8216
Data envio: 18/01/2021 10:26:23.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo** e **Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a renovación da demanda de emprego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras medidas administrativas tomadas pola Xunta de Galiza durante a actual pandemia foi acordar a renovación de oficio da demanda de emprego, baseada nas recomendacións sanitarias de evitar aglomeracións, contactos innecesarios, e restrinxir a mobilidade.

Por outra banda as ferramentas ou mecanismos dixitais habilitados pola administración galega para a realización de trámites están aínda lonxe de resultar unha opción, ou solución, universalmente eficaz, quer por falta das necesarias habilidades dixitais, quer por falta dos necesarios recursos materiais, de boa parte das persoas administradas.

Con toda certeza a medida tomada no seu día tamén estivo motivada pola importancia do trámite, e as repercusións económicas de non cumprimentalo en tempo e forma, polo que a renovación de oficio resultou unha solución eficaz dadas as circunstancias.

A vixencia da medida que acordaba a renovación de oficio da demanda de emprego, despois de prorrogarse en varias ocasións, rematou o pasado 31 de decembro,



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 10:26:23
Nº Rexistro: 8216
Data envio: 18/01/2021 10:26:23.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traendo como consecuencia inmediata a formación de colas nas oficinas de emprego desde os primeiros días do ano, o que dadas as actuais circunstancias de risco sanitario é absolutamente contradictorio con todas as outras medidas adoptadas pola Xunta de Galiza.

Do mesmo xeito mantéñense as outras razóns que motivaban, segundo nos parece, a medida acordada: importancia do trámite, dificultade de moitas persoas para realizalo dixitalmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª :

Non considera a Xunta de Galiza que se debe prorrogar a medida acordada no seu día para o selamento de oficio das demandas de emprego entanto existen medidas gubernativas restritivas da mobilidade ou do acceso aos edificios administrativos?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 18/01/2021 10:25:23**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 10:25:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 10:25:35**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 11:31:41
Nº Rexistro: 8228
Data envio: 18/01/2021 11:31:41.976

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a demarcación xudicial en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No presente ano 2021 o grupo parlamentar do Partido Popular rexeitou unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para a creación dunha demarcación xudicial na Mariña Oriental de Lugo que posibilitase a creación dun novo xulgado de primeira instancia e instrución na mesma, ubicado na vila de Ribadeo.

Malia que a creación do partido xudicial interesado respostaba a unha demanda unánime, social e política, da comarca, permitía unha mellor correspondencia da estrutura territorial da organización social coa normativa vixente, tería unha repercusión económica positiva na Mariña Lucense, ao tempo que, mellorando o funcionamento da administración de xustiza, permitiría resolver os problemas que padecen os xulgados mixtos de Viveiro, o Parlamento de Galiza rexeitou a proposta perante a posibilidade de que creación dunha nova demarcación na Mariña Oriental puidese condicionar unha futura modificación da planta e demarcación xudicial de Galiza.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta variación na postura mantida ate hai ben pouco, tanto na comarca de Lugo, como no proprio Parlamento de Galiza, esta ruptura do consenso e da unanimidade política e social, espertou a inquedanza perante a posibilidade de que, retomando un proxecto do daquela Ministro de Justicia do Goberno de España -Sr. Ruiz Gallardón-, se estivese preparando a supresión de partidos xudiciais para concentrar a actividade xudicial nas grandes cidades e/ou capitais de provincias, abandonado ás vilas do rural do noso país. En concreto, se poder determinar se foi un “lapsus linguae” ou unha expresión do subconsciente, o grupo popular deslizaba que consideraba un exceso a existencia de partidos xudiciais nos que só existía unha unidade xurisdicional, desprendéndose a vontade de supresión das mesmas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia dunha vontade de reformar a estrutura e demarcación xudicial existente en Galiza?

No seu caso, considera que tal reforma poderían implicar o cese ou redución de actividade nas sedes situacións ubicadas en localidades non capitais de provincia?

Entende que a creación dun partido xudicial na Mariña oriental condicionaría ou dificultaría o desenvolvemento dunha eventual reforma da estrutura xudicial en Galiza?

Considera convinte a creación dun partido xudicial na Mariña oriental, coa simultánea reestruturación dos de Mondoñedo e Viveiro?

Realizou a Xunta de Galiza dende 2010 algunha xestión para a modificación da planta e demarcación xudicial a fin de posibilitar que a Mariña oriental de Lugo conte



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cun xulgado de primeira instancia e instrución con sede en Ribadeo? No seu caso, cando e en que consistiu ás xestións e cal foi o resultado delas?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Luis Bará Torres**
**Iria Carreira Pazos**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2021 11:28:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2021 11:29:02**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 11:29:09**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 11:49:19
Nº Rexistro: 8234
Data envio: 18/01/2021 11:49:19.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os pactos sucesorios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de novembro de 2020 o goberno do Estado impulsou a tramitación do Proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se estabelecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.

Entre outras cuestións, o articulado do texto presenta inicialmente medidas que modifican a lei do IRPF e a do imposto de sucesións e penalizarían pactos sucesorios do dereito civil galego. No momento de asinar esta iniciativa o proxecto atópase en tramitación no Congreso dos e das deputadas e o Bloque Nacionalista Galego xa presentou unha batería de emendas ao respecto para evitalo. Porén, pola relevancia política desta cuestión, é necesario que o Parlamento Galego manifeste a súa posición contraria.

De aprobarse o Proxecto de Lei que presenta o Ministerio de Facenda, as persoas que reciban os bens antes do falecemento dun familiar, deberán tributar no IRPF coma se tiveran que vendelo, facéndose cargo da plusvalía, non só desde que o chegou



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao seu poder, senón desde que se produciu a adquisición do ben polo testador. Con esta reforma Ministerio de Facenda penaliza aos cidadáns e cidadás galegas ademais de supoñer un novo exercicio de centralismo político no que se invaden competencias autonómicas e materias propias desta cámara galega ao vulnerar o Dereito Civil de Galiza. É polo tanto necesario que as propostas de reforma que afectan aos pactos sucesorios sexan retiradas do texto.

En primeiro lugar, o Estado non pode regular indirectamente unha figura propia do dereito civil da Galiza, facendo que na práctica non sexa posíbel acudir á figura dos pactos sucesorios. E ademais, a regulación que pretenden supón un tratamento discriminatorio desde o punto de vista fiscal para aqueles herdeiros ou herdeiras que reciban bens en vida fronte a aqueles que o fan trala morte dun familiar. Neste último caso, se a persoa que herda recibe os bens trala morte do familiar e a continuación procede a súa venda, só debería tributar pola plusvalía desde o momento da recepción dos bens e até a efectiva transmisión, en cambio, se se trata dunha herdanza en vida, e se venden os bens antes da morte do causante, deberá tributar polo incremento patrimonial desde que o testador adquirira o ben. Resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias da Administración galega, sexa unha práctica de evasión fiscal.

De manterse o texto actual, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas que se acolleron a esta modalidade hereditaria. Máis aínda, ante a situación de crise económica, son moitos os galegos e galegas que poden verse na necesidade de vender os bens recibidos para facer fronte a gastos elementais e non sería xusto que a Facenda española se aproveitase desta circunstancia asumindo por riba unhas competencias que non lle corresponden cando en ningún caso pode considerarse que haxa unha intención de fraude que deba ser penalizada.



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe, ademais, unha ampla xurisprudencia na que os tribunais consideran que os pactos sucesorios son, a pesar de producírense en vida do causante, actos mortis causa, e polo tanto non cabe que se pretenda a súa homologación coas doazóns ou outros actos xurídicos semellantes a estas. Son unha institución propia do Dereito Civil da Galiza que debe ser respectada e tratada como acto hereditario aos efectos tributarios, garantindo ademais a non interferencia nas competencias da Xunta de Galiza e do Parlamento Galego neste tema.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil galego respecto dos pactos sucesorios? Con que resultado?

Solicitou o goberno galego algunha reunión co Ministerio responsábel de Facenda para abordar esta cuestión? De que forma, en que datas e con que resultado?

De prosperar este proxecto e non resolverse esta cuestión no proceso de emendas, valorará o goberno galego emprender recursos legais ao respecto?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2021 11:45:16**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 11:45:19**

**Daniel Pérez López na data 18/01/2021 11:45:28**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:05:37
Nº Rexistro: 8240
Data envio: 18/01/2021 12:05:37.868

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Noa Presas Bergantiños**, **María González Albert** e **Luis Bará Torres**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a instalación dunha central hidráulica reversíbel nos encoros As Conchas e Salas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa actualmente denominada Naturgy, sucesora da mercantil Gas Natural-Fenosa, ven de reiterar a súa intención de instalar unha central hidráulica reversíbel entre os encoros de As Conchas, sito nos concellos de Lobeira, Muiños e Bande, e o de Salas, no de Muiños.

O referido proxecto partiría dos aproveitamentos hidroeléctricos que actualmente ten concedidos a mercantil, e que atinxen tanto ao encoro de As Conchas como ao de Salas. Así, procederíase ao bombeo de auga, en horas valle nas que a enerxía é máis barata por existir menos demanda, dende o encoro de As Conchas ate o de Salas no que se almacenaría e logo se turbinaría en horas puntas, nas que, por existir máis demanda e necesidade, o prezo da enerxía eléctrica é máis elevado. Resulta evidente a rendibilidade económica do proxecto de Central Hidráulica reversíbel, porén tal rendibilidade económica non é parella -tampouco proporcional- co risco que implica para o medio ambiente e para a saúde das persoas.

Infelizmente as augas do encoro de As Conchas presentan na actualidade un estado global, en cualificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, “peor que



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bueno", mentres que o do Salas é cualificado como "bueno" polo precitado organismo de conca. Así, o bombeo implicará o risco de contaminación das cianobacterias existentes no encoro de As Conchas ao Salas que actualmente é un espazo limpo e de grande valor medio ambiental, integrado nun Lugar de Interese Comunitario, Zona de Especial Protección para as Aves, Reserva da Biosfera ou mesmo dentro do Parque Natural Baixa Limia–Serra do Xurés.

A situación de deterioro do espazo natural evidenciouse con total crueza no ano 2011 no que o encoro das Conchas presentou un alto índice de contaminación por cianobacterias, que contradicindo estudos do Goberno de España, foi recoñecido por estudos da Universidade Complutense de Madrid.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que actuacións ou xestións realiza ou realizou o Goberno Galego en relación con proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido pola mercantil Naturgy nos aproveitamentos dos ríos Salas e Limia e a afectación que podería implica no medio ambiente e na saúde das persoas?

Realizou a Xunta de Galiza algún estudo propio que permita descartar total e absolutamente que como consecuencia da execución do proxecto se van producir riscos medio ambientais, sanitarios ou na calidade augas?

Considera a Xunta de Galiza que, como consecuencia da execución do proxecto, se vai producir unha nova ocupación de dominio público ou de espazo natural, por mínima que está for?



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:05:37
Nº Rexistro: 8240
Data envio: 18/01/2021 12:05:37.868

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado o goberno galego as alegacións presentadas por organización e colectivos do país ao respecto do devandito proxecto?

Entende o goberno galego que este proxecto enerxético se axusta ás necesidades de aforro e eficiencia? e ao cumprimento dos obxectivos europeos para 2020?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

**Luis Bará Torres**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 18/01/2021 11:56:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2021 11:56:25**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2021 11:56:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2021 11:56:45**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:07:20
Nº Rexistro: 8242
Data envio: 18/01/2021 12:07:20.787

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rabia é unha encefalomielite vírica aguda, producida por un virus da familia Rhabdoviridae, do xénero Lyssavirus e supón unha das enfermidades transmitidas a través dos animais máis importantes a nivel mundial, sendo unha enfermidade de declaración obrigatoria (EDO). Representa un importante problema de saúde pública dada a súa gravidade clínica, e provoca o falecemento de 60000 persoas anualmente en todo o mundo, especialmente en países en vías de desenvolvemento. Transmítese fundamentalmente por feridas provocadas por trabadas de animais infectados, e incúbase durante aproximadamente 2 ou 3 meses. Os signos clínicos varían dependendo do efecto do virus no cerebro e inclúen cambios repentinos no comportamento e unha parálise progresiva que acaba por provocar a morte. Unha vez aparece a clínica da enfermidade, a evolución é moi rápida causando o falecemento ó cabo dunha semana.

Tódolos os mamíferos de sangue quente son susceptibles de contraer a enfermidade, presentando os seres humanos unha alta sensibilidade, ó igual ca determinadas especies silvestres coma raposos ou lobos. Os cans, gatos, équidos, bóvidos e pequenos ruminantes presentan unha sensibilidade moderada, mentres que as aves, réptiles e peixes teñen unha sensibilidade escasa ou nula.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non existe un tratamento para un animal infectado pola rabia. Debido ó importante risco de zoonose, debe realizarse a eutanasia e o diagnóstico post morten de calquera animal sospeitoso de presentar a rabia. En seres humanos, aplícase un coma inducido asociado a hipotermia e a administración de determinados antivirais. Non obstante, a taxa de mortalidade unha vez manifestada esta enfermidade é dun 100% a pesar de todas as medidas de tratamento.

En Europa esta infección cobra cada vez máis importancia supoñendo unha ameaza para a Saúde Pública ó verse un incremento nos casos reportados de rabia en animais. Países coma Ucraína supoñen un enorme risco dada a elevada prevalencia desta enfermidade sendo un dos principais exportadores de cachorros de raza ó resto de Europa.

No Estado español a rabia está declarada como oficialmente erradicada desde o 1987, detectándose esporadicamente casos en morcegos e casos importados nas cidades de Ceuta e Melilla.

Non obstante, dada a proximidade xeográfica con países endémicos de rabia, non se pode descartar a aparición desta enfermidade no noso territorio (como ocorre noutros países europeos, coa aparición de casos importados de rabia debido á entrada ilegal de animais en período de incubación). A este feito debemos sumarlle o intenso tráfico de persoas e animais que se moven acotío polo territorio. A pesar disto, no estado español produciuse o falecemento dun cidadán no ano 2019 pola trabada dun gato contaxiado de rabia en Marrocos.

En Galiza non se rexistrou ningún caso de rabia desde 1962, polo que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a través da Orde do 15 de febreiro de 1994 (DOG núm. 46, do 8 de marzo), declarou Galiza libre de rabia e suprimiu a campaña oficial obrigatoria de vacinación antirrábica de cans e gatos.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:07:20
Nº Rexistro: 8242
Data envío: 18/01/2021 12:07:20.787

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As recomendacións da Organización Mundial da Saúde para evitar a rabia inclúen a inmunización primaria de tódolos cans e gatos. Para asumir unha inmunidade de grupo suficiente e cun beneficio directo sobre a saúde pública é precisa unha taxa de inmunización canina superior ó 70%. Estímase que actualmente en Galiza existe unha taxa do 9%, producíndose unha situación preocupante de falta de inmunidade colectiva. Do mesmo xeito, non contamos a día de hoxe ningún sistema que permita a notificación efectiva de zoonoses desde as consultas veterinarias e a activación dos protocolos precisos para evitar o contaxio de seres humanos. Infeccións como pode ser a Leishmania, están vendo incrementando o número dos casos existentes no territorio galego afectando a cans domésticos sen producirse paralelamente un aumento na vixilancia epidemiolóxica.

Dada a situación actual producida pola COVID-19 podemos extraer certos paralelismos con esta enfermidade, ó tratarse ambas de dúas infeccións sen un tratamento efectivo e nas cales as medidas de prevención da enfermidade resultan clave para o seu control.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego do risco de zoonose que representa a rabia nestes momentos no noso país?

– Que medidas de saúde pública ten contempladas o goberno galego para a detección precoz destas zoonoses de prevalencia crecente e evitar así o seu paso ós seres humanos?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:07:20
Nº Rexistro: 8242
Data envio: 18/01/2021 12:07:20.787

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 12:06:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2021 12:06:32**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:09:23
Nº Rexistro: 8243
Data envio: 18/01/2021 12:09:23.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar en materia de persoal e de infraestrutura para garantir unha atención sanitaria digna xs veciñxs do concello de Ogrobe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política sanitaria levada a cabo polo Partido Popular ten ocasionado un deterioro inmenso na sanidade pública de Galiza. É especialmente preocupante a situación de Atención Primaria, onde os recortes de orzamentos e de persoal realizounos con maior intensidade. As consecuencias son unha sobrecarga asistencial moi importante, ao ter que facer xs profesionais o traballo dxs que non son substituídxs, dando lugar a listas de espera para conseguir cita.

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo aínda máis ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como humanos.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto o BNG ve con moita preocupación como durante os últimos anos a atención sanitaria no concello de Ogrobe non fixo máis que deteriorarse,

É imprescindíbel a construción dun novo centro de saúde, dado o mal estado e falta de accesibilidade do actual, tanto  para que xs veciñxs de Ogrobe poidan reciban unha asistencia sanitaria de calidade como para que xs profesionais desempeñar o seu traballo con dignidade.

De igual xeito é preciso que o Sergas remate coa súa nefasta política de persoal: non substitución dxs profesionais, nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos,  peche de axendas, o que orixina listas de espera xa non de días senón de semanas, chegando á situación da soa presenza dun médico na vez dos sete que forman o cadro de persoal, para atender tanto aos veciñxs, coma a todxs as persoas  que veñen de fóra no verán.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai atender as máis que xustas reivindicacións da veciñanza do concello de Ogrobe sobre as carencias de persoal e a construción dun novo centro de saúde?

Vai proceder á substitución completa, inmediata e permanente de todxs xs profesionais ausentes, sexa por baixa, vacacións ou xubilación no centro de saúde de Ogrobe?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta de Galiza implicarse de xeito decidido para iniciar de inmediato a construción dun novo centro de saúde no concello de Ogrobe?

Vai contemplar unha partida orzamentaria suficiente nos orzamentos da Xunta para o vindeiro exercicio para este fin?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2021 12:08:35**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 12:08:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 12:08:53**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:11:06
Nº Rexistro: 8244
Data envío: 18/01/2021 12:11:06.822

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade dun Plan de Continxencias para evitar o colapso dos servizos sanitarios polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias e os contaxios por COVID 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O número de persoas positivas por COVID 19 non fai máis que aumentar por toda Galiza, e a sanidade pública galega enfrontándose ao que se está chamando segunda onde de contaxios da poboación por COVID19, nunha situación de  Atención Primaria afogada por unha falta estrutural de persoal, con moito persoal de vacacións, sen contratación de persoal de reforzo...

Xs profesionais que están traballando fano cunha sobrecarga brutal, axendas  de 50 e 60 consultas ao ter que atender o propio cupo e o dxs ausentes, enorme presión telefónica e de demanda de asistencia sobre o persoal de cita. A isto hai que engadir a sobrecarga de diagnosticar e facer seguimento ás persoas positivas de COVID que permanecen nos seus domicilios.

Coa chegada do outono, coincidindo coas épocas de frío, tamén é previsíbel que se produza a incidencia dos brotes epidemiolóxico habituais por

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:11:06
Nº Rexistro: 8244
Data envío: 18/01/2021 12:11:06.822

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calendario como son os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, xa que acontecen, con maior ou menor incidencia todos os anos.

Parece máis que evidente a necesidade dun plan de continxencia que contemple as necesidades de contratación de persoal para facer fronte á atención habitual, os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, aos novos contaxios e o seguimento sanitario das persoas que o precisen.

Un plan de continxencia que contemple as necesidades de persoal e de medios para a atención sanitaria ordinaria e as extraordinaria derivadas da COVID e a gripe. Non é posíbel atender toda a demanda sanitaria sen aumentar os medios, e a alternativa non pode ser pretender deixar en suspenso o resto das patoloxías. É preciso un plan de continxencias que garanta a atención sanitaria de todas as patoloxías á poboación.

Non se pode dar resposta á pandemia sen unha boa asistencia sanitaria e non se pode garantir esa asistencia sen o persoal necesario, tanto na Atención Primaria como na hospitalaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que Plan de Continxencia ten preparado a Xunta de Galiza para garantir a asistencia sanitaria dxs galegxs tanto na Atención Primaria como na hospitalaria nos vindeiros meses diante do previsíbel aumento da demanda asistencial



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivada tanto pola COVID 19 como polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias estacionais?

En que vai a consistir?

Cal é a planificación do Sergas para evitar o colapsos dos servizos?

Cantos profesionais ten previsto contratar a Xunta para afrontar a situación tanto en primaria como hospitalaria?

Ten realizado unha valoración do orzamento preciso?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 12:10:28**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 12:10:31**

**María Montserrat Prado Cores  na data 18/01/2021 12:10:41**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:16:08
Nº Rexistro: 8245
Data envio: 18/01/2021 12:16:08.937

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao peche dos consultorios de Paradela, en Meis, e Vilaxoán en Vilagarcía.

Exposición de motivos

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 o Sergas tomou a decisión de pechar centros de saúde, e de xeito especial os consultorios. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada aos consultorios de Paradela no concello de Meis e ao de Vilaxoán en Vilagarcía. Que a día de hoxe seguen pechados.

Deste xeito desde que se decretou o estado de alarma, a atención das máis de 1.100 persoas que estaban adscritas ao consultorio de Paradela pasaron a ser atendidas só telefonicamente, cando precisan ser atendidas presencialmente teñen que desprazarse a Cambados. A enfermeira que había neste centro, trasladárona ao centro de saúde da Rochela (Mosteiro).

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:16:08
Nº Rexistro: 8245
Data envio: 18/01/2021 12:16:08.937

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto hai que engadir que x facultativx que atende en San Martiño tamén con arredor de 1.100 cartillas non é substituído durante as súas vacacións. O resultado é que actualmente o médico da Rochela (Mosteiro) ten que atender a 2.800 cartillas, as propias e aos de San Martiño. Sobrecarga asistencial para uns e desprazamentos de quilómetros outros é a situación sanitaria no concello de Meis.

De igual xeito acontece co consultorio de Vilaxoán, onde 1.700 xs veciñxs pasaron de ter atención sanitaria próxima a ter que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa ben en autobús ou en taxi, o que supón en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado e ser atendidxs nun centro tamén con sobrecarga de traballo.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva ,toda vez, que non ofrece alternativas, nin acepta as que se ofrecen como no caso do concello de Meis de realizar obras para crear o dobre circuíto. Todo indica que queren consolidar a estratexia de pechalos que xa tentaron noutras ocasión e só a presión dxs veciñxs conseguiu paralizar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai reactivar o Sergas a atención sanitaria presencial nos consultorios de Paradela e Vilaxoán?

Está traballando con algún cronograma para facelo?

Se é así cal é?



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:16:08
Nº Rexistro: 8245
Data envío: 18/01/2021 12:16:08.937

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coida que xs veciñxs que eran atendidxs nestes consultorios están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?

Considera que a atención telefónica e desprazamentos de quilómetros son alternativas?

Teñen intención de restituír a atención pediátrica no concello de Meis?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2021 12:15:44**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 12:15:47**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:24:12
Nº Rexistro: 8246
Data envio: 18/01/2021 12:24:12.191

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os anos 2009 e 2012 o Goberno do Estado levou a cabo o peche das oficinas do ISM en Muxía, Laxe e Fisterra, en prol da "racionalización e eficacia dos recursos, tanto materiais como humanos, do ISM".

Agora, parecen ser Corcubión e Muros os que están no punto de mira dos peches e dos recortes xa que, hai moi poucas datas, os profesionais do mar veñen de denunciar publicamente o posíbel peche do centro local de sanidade marítima de Corcubión que atende aos traballadores e traballadoras do mar pertencentes aos concellos de Cee, Corcubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Laxe, Ponteceso e Malpica. E é o propio sector o que xa advirte sobre a intención do ISM do peche do de Muros para centralizar na cidade da Coruña o recoñecemento médico ao que están obrigados todos os mariñeiros que queiran embarcar.

O ISM leva a cabo actuacións preventivas en materia sanitaria. Realiza de forma periódica os recoñecementos previos ao embarque dos traballadores e traballadoras do mar, que teñen por obxecto garantir que as súas condicións físicas e psíquicas sexan compatíbeis coas características do posto de traballo e non supoñan un perigo para a saúde e seguridade do resto da tripulación. Ademais, tamén desenvolve formación



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:24:12
Nº Rexistro: 8246
Data envío: 18/01/2021 12:24:12.191

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitaria específica, vacinacións, revisións de botiquíns de a bordo, estudos epidemiolóxicos e seguimento dos procesos patolóxicos dos traballadores e traballadoras do mar.

No centro local de sanidade marítima de Corcubión realízanse os recoñecementos médicos e as demais actuacións anteriormente descritas, mais a situación actual é que, a pesar da esixencia dos recoñecementos médicos por parte das Capitanías Marítimas, xa non se dan citas, e mesmo as que estaban previstas están sendo anuladas debido á baixa por enfermidade, dende hai dous meses, da persoa que viña atendendo ese servizo sen que fose substituída e se puidesen continuar todas as actividades de sanidade marítima necesarias en toda a súa área de influencia.

A desaparición deste servizo crearía graves problemas para un sector que xa ten que facer fronte a innumerábeis requisitos e demasiados gastos, que se verían incrementados cos desprazamentos e, o que é máis grave aínda, coa perda de días de traballo.

A Costa da Morte é unha zona mariñeira cunha importante flota de baixura e marisqueo e, polo tanto, cun grande número de veciños e veciñas que dependen deste servizo para poder desenvolven a súa actividade no sector do mar. Resulta, pois, imprescindíbel que se cubra á maior brevidade a praza do persoal médico que agora está de baixa e que se garanta que se siga a prestar a asistencia sanitaria obrigatoria aos mariñeiros que pertencen ao centro local de sanidade marítima de Corcubión.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 8ª:



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación que están a padecer os traballadores e traballadoras do mar da Costa da Morte, nomeadamente pola falla de persoal médico no centro local de sanidade marítima de Corcubión?.

2.- Que actuacións levou, ou vai levar, a cabo o goberno galego para que esa situación se solucione?.

3.- Ten coñecemento das previsións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións sobre o futuro dos centros de Corcubión e de Muros?.

4.- De ser así, que pasos ten dado a Xunta de Galiza para que se manteñan, reforcen as súas plantillas e garantan os servizos que o sector require?.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Carme González Iglesias**
**Daniel Castro García**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:23:22**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:23:32**

**Daniel Castro García  na data 18/01/2021 12:23:40**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:26:21
Nº Rexistro: 8247
Data envío: 18/01/2021 12:26:21.933

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do mar en activo están obrigados a actualizar os seus coñecementos e, periodicamente, a obter os certificados de suficiencia correspondentes, imprescindíbeis para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata hai cinco anos a renovación deses certificados era un simple trámite administrativo polo que se pagaba a taxa establecida e se obtiña o certificado por outro período de cinco anos acreditando a experiencia necesaria. Na actualidade, a renovación deses certificados conleva a realización dun curso que só está dispoñíbel a través de empresas privadas que cobran arredor duns 200 euros polo mesmo.

Os certificados afectados son: “Formación Básica en Seguridade”, “Avanzado na Loita Contra Lumes”, “Embarcacións de supervivencia e Botes de Rescate Non Rápidos” e “Botes de Rescate Rápido”.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No 2021 expirará a validez dos certificados emitidos no 2016 e os traballadores e traballadoras do mar deberán aportar os cursos correspondentes requiridos para asumir as tarefas, os cometidos e as responsabilidades necesarias a bordo.

Os certificados son obrigatorios para todas as persoas profesionais da flota de baixura e, a realización desa formación supón un custo moi difícil de asumir para un número importante de mariñeiros aos que xa lles custa manter a súa actividade e uns mínimos ingresos. Os cambios normativos non poden significar unha carga económica máis, que incluso podería abocar en moitos casos ao abandono da actividade ou ao seu desenvolvemento sen a obtención do necesario certificado.

Por outra banda, hai que ter en conta que o ISM dispón de centros de formación propios e de centros locais ou comarcais distribuídos polo territorio, que poderían asumir a impartición gratuíta dos cursos e evitar así que as traballadoras e traballadores do mar teñan que recorrer aos cursos ofertados por empresas privadas e facerlle fronte aos custos que supoñen.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da exixencia á que están obrigados os traballadores e traballadoras do mar ao teren que facer os cursos de mantemento da competencia en centros privados e do custo que isto lles supón?



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:26:21
Nº Rexistro: 8247
Data envio: 18/01/2021 12:26:21.933

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Que actuacións levou, ou vai levar, a cabo o goberno galego para que esa situación non se manteña como na actualidade?

3.- Que pasos vai dar a Xunta de Galiza para que a renovación ou obtención dos certificados de suficiencia que se ten que producir no ano 2021 poda ser pública e gratuíta?.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Carme González Iglesias**
**Daniel Castro García**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:25:48**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:25:51**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:25:58**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:27:32
Nº Rexistro: 8248
Data envio: 18/01/2021 12:27:32.115

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual que están a padecer as traballadoras e traballadores do mar na ría de Ferrol é extremadamente crítica. Mais as súas circunstancias non son novas e non son, senón, máis que a consecuencia, entre outras, da desidia e do abandona das distintas administracións que están deixando agonizar un sector, o marisqueiro, que ten hoxe unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos.

Das máis de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai no banco marisqueiro das Pías nin unha ducia cada día. A que aínda é a zona de maior produción de ameixa babosa e fornece de cría ao resto da ría, está en mínimos históricos e a toma de decisións inmediatas sobre o seu futuro faise máis urxente ca nunca.

A viabilidade das tres confrarías da ría está seriamente en risco, o que levou aos seus integrantes a manifestarse recentemente, tanto en Ferrol como na Coruña. Gran parte das mariscadoras e mariscadores atópanse en situación de baixa prolongada e practicamente a totalidade cunha obtención de ingresos que case non lle permite sobrevivir e apenas son capaces de pagar a súa cotización á seguridade social.



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sumatorio de todos eses casos individuais levan, ademais, aparellado o estado cuase de creba das propias confrarías que ven como día a día merman os seus ingresos e non albiscan saída aos seus problemas.

As causas da actual situación son múltiples. A maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por mor de verteduras sen control durante anos, a depuración das augas residuais, aínda mellorando a calidade das augas, non recupera os bancos, soterrados polos lodos das verteduras, a pouca circulación da auga entre os diques da ponte das Pías que provoca tamén a acumulación de lodos. E, a maiores, agora hai que sumar a proliferación dun parásito que afecta á produción da ameixa.

Mais todos e cada un destes factores son sobradamente coñecidos pola Consellaría do Mar e as afectadas e afectados hai demasiado tempo que non perciben que se poñan en marcha actuacións para melloralos.

A situación é tan grave que a día de hoxe xa non se pode remediar con parches ou solucións temporais. Agora necesítase axilidade na posta en marcha de medidas estritas e constantes na súa aplicación que, en colaboración coas confrarías, cos técnicos e biólogos da Consellaría do Mar e tamén coa estación de bioloxía mariña da Graña, permitan a medio prazo obter o maior rendemento posíbel.

De querer iniciar un verdadeiro proceso de recuperación, ese tipo de medidas terían que ir necesariamente acompañadas por outras, como o paro biolóxico, que amparen económica e socialmente ás mariscadoras e mariscadores, xa que o contrario levaría ao abandono definitivo da actividade por grande parte do sector, ao peche de entidades e á práctica desaparición do marisqueo na ría.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:27:32
Nº Rexistro: 8248
Data envío: 18/01/2021 12:27:32.115

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que valoración fai a Consellaría do Mar da evolución do sector marisqueiro en Galiza nos últimos 10 anos?

2.- Que valoración fai da situación do marisqueo na ría de Ferrol?

3.- Cal foi a evolución dos PERMEX para marisqueo nesta ría?

4.- Considera satisfactorio o nivel de produción existente na actualidade?

5.- Que actuacións ten levado a cabo para garantir a produción marisqueira na ría e as rendas das mariscadoras e mariscadores?

6.- É coñecedora da situación extremadamente crítica na que están nestes momentos as mariscadoras e mariscadores e as confrarías da ría de Ferrol?

7.- Que actuacións vai levar a cabo para garantir cando menos os postos de traballo actuais e a viabilidade das confrarías?

8.- Que actuacións vai realizar para reverter a situación ao tempo que se dá protección económica e socialmente ás mariscadoras e mariscadores con figuras como a do paro biolóxico?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:27:32
Nº Rexistro: 8248
Data envío: 18/01/2021 12:27:32.115

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:27:07**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 12:27:11**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:31:29
Nº Rexistro: 8249
Data envio: 18/01/2021 12:31:29.157

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para por fin á situación que esta a padecer a flota palangreira galega na actualidade pola acumulación de marraxo sen comercializar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A XVIII Convención sobe o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES)  tomou, en agosto de 2019, a decisión de incluír o marraxo no eu Anexo II, no que figuran especies que non están necesariamente ameazadas de extinción pero que poderían estalo no caso de que non se controle o seu comercio.

Despois da cumbre da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT), celebrada en novembro de 2019, o sector fixo unha valoración positiva dos resultados da reunión xa que as restricións levadas a cabo non foron tan amplas como se agardaba.

As limitacións impostas pola ICCAT buscan principalmente combater o tráfico ilegal de determinadas especies a escala global, así como impoñer sancións aos países que non cumpran as normas, de xeito que toda importación, exportación ou introdución procedente do mar desas especies debe ser autorizada mediante un sistema de concesión de permisos e certificados.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:31:29
Nº Rexistro: 8249
Data envio: 18/01/2021 12:31:29.157

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o Ministerio de Pesca adaptou a lexislación no mes de xaneiro deste ano e o Ministerio de Comercio no mes de marzo, despois de que o Ministerio de Transición Ecolóxica emitise o informe previo necesario para respaldar a non perxudicialidade da especie.

A polémica vén pola cantidade que tomou como referencia o MITECO, que non se ativo ás cantidades recomendadas polo MAPA, xa por debaixo do que soe capturar a flota.

O Ministerio de Transición Ecolóxica só respectou as cantidades que o MAPA recomendou para o Pacífico. No caso do Atlántico Norte autorizou a comercialización de 350 toneladas de marraxo, moito menos das 940 que aconsellaba o Ministerio de Pesca.

Mentres a flota non pescou as toneladas impostas non houbo problemas, mais agora os desembarcos superan as cantidades para as que o MITECO emitiu o seu informe.

A flota de palangre de superficie galega vén vendo reducidas ano tras ano as súas capturas de marraxo e, neste momento ademais, acumula toneladas de peixe que están retidas en portos e frigoríficos sen poder ser comercializadas.

A preocupación e a desesperación tanto dos produtores como dos comercializadores é enorme e a falla de solución áxiles está a converter esa preocupación en indignación da propia flota palangreira. Unha flota recoñecida pola sostibilidade das súas prácticas e pola súa colaboración co eido científico, contribuíndo dende hai moito tempo á obtención de mellores resultados e que dende A Guarda, Burela, Marín e Vigo xa ten dado a voz de alarma pola súa extrema situación, de consecuencias económicas e sociais  inaceptábeis.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:31:29
Nº Rexistro: 8249
Data envio: 18/01/2021 12:31:29.157

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais dos gastos que lles supón ás armadoras o almacenamento do marraxo hai aínda outra grave derivada desta situación: Son outras flotas as que están fornecendo ao mercado, flotas que, paradoxicamente, non contan coas medidas de xestión das que dispón a galega.

En diversas ocasións a Xunta de Galiza ten manifestado publicamente a defensa dunha pesquería sostíbel do marraxo e a necesidade de manter un equilibrio entre os aspectos ambientais e socioeconómicos desa pesca. Mais no tocante á situación que está a vivir a flota palangreira galega non nos constan nin manifestacións públicas nin accións concretas para solucionar a problemáticas pola que está afectada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación que na actualidade está a padecer a flota palangreira galega con respecto á comercialización do marraxo?

2.- De ser así, que medidas levou a cabo para evitala?

3.- Que medidas vai implementar no futuro inmediato a Consellaría do Mar para solventar a crítica situación na que se atopan os palangreiros de superficie galegos, ao borde do colapso, por mor de non poder comercializar as capturas xa realizadas?

4.- Ten previstas algún tipo de actuacións para evitar a inminente creba da flota palangreira galega?

5.- Que valoración fai a Xunta de Galiza da limitación de capturas do marraxo?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Está disposto o goberno galego a exixir ao Ministerio de Transición Ecolóxica a autorización inmediata para que a flota palangreira de superficie poda comercializar o marraxo conxelado e procesado e para a que xa contan coas autorización do MAPA e do Ministerio de Comercio?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:30:42**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:30:53**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:31:00**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:34:24
Nº Rexistro: 8250
Data envio: 18/01/2021 12:34:24.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na súa comparecencia no Parlamento para explicar os orzamentos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galiza (INTECMAR) para 2020, a súa directora asegurou que ese organismo realiza 88.000 análises anuais para garantir a salubridade e a calidade dos produtos do mar, e que ademais envía máis de 20.000 notificacións con calquera cambio que se produce na situación de zonas de produción de moluscos bivalvos a todos os axentes implicados.

Mentres tanto, as queixas sobre o funcionamento do INTECMAR véñense sucedendo ao longo dos anos de xeito reiterado por parte de produtores, depuradores, exportadores e cocedeiros e, en moitas ocasións, as extraccións non se planifican se non existe antes unha análise que ratifique os datos que se facilitan dende o INTECMAR.

Esta falla de confianza no centro de control mariño fai que as confrarías e bateeiros se vexan obrigadas a recorrer aos laboratorios privados en moitas máis ocasións das que quixeran e a realizar os seus propios estudos microbiolóxicos para garantir a salubridade dos seus produtos.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:34:24
Nº Rexistro: 8250
Data envio: 18/01/2021 12:34:24.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ninguén entende que, a día de hoxe, cun centro de control mariño público, cun orzamento de máis de 3,6 millóns de euros, non se realicen analíticas durante as fins de semana ou festivos. Isto implica que moitas veces os peches fanse sen previsión, que a dinámica comercial do sector do mar non vai acompañada do traballo do organismo de control, que se devolvan miles de quilos de marisco ao mar e que, en definitiva, se perdan moitos cartos e moitas horas de traballo que se converten nun lastre para miles de persoas en Galiza.

O último exemplo deste despropósito vén da man do peche dos bancos marisqueiros de Noia este último fin de semana. As mariscadoras e mariscadores terían retomado a súa actividade o luns se non se detectase o alto nivel de toxina no fin de semana por medio de análises realizados pola propia confraría. De non ter sido así, preto de 1.500 persoas perderían un día máis de traballo e terían que tirar miles de quilos de produción, feito que non é a primeira vez que lles ocorre.

Este tipo de episodios  veñen tendo lugar con demasiada frecuencia e afectando ao normal desenvolvemento da actividade do sector do mar, ademais de poñer en cuestión o funcionamento do propio Instituto de Control Mariño que debería facer análises diarias, coa maior axilidade, e transmitir a información con rapidez.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Considera o Goberno galego que o funcionamento do INTECMAR dá resposta áxil e eficaz a todas as necesidades do sector do mar?

2.- Que valoración fai o Goberno galego do acontecido nos bancos marisqueiros de Noia este fin de semana pasado no referido á detección de toxina pola propia



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:34:24
Nº Rexistro: 8250
Data envío: 18/01/2021 12:34:24.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Confraría utilizando recursos privados e non podendo recorrer aos servizos públicos do Instituto de Control Mariño?

3.- É consciente o Goberno galego das perdas que se están a ocasionar ao sector do mar por non poder dispoñer de analíticas todos os días da semana?

3.- Está disposta a Xunta de Galiza a ampliar os servizos do INTECMAR aos fins de semana e festivos?

4.- De non ser así, como vai solucionar as deficiencias e inconvintes que se dan na actualidade e que provocan que o sector teña que recorrer a servizos de control mariño privados?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Daniel Castro García**
**Carmen González Iglesias**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:33:18**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:33:22**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández  na data 18/01/2021 12:33:29**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:35:50
Nº Rexistro: 8251
Data envio: 18/01/2021 12:35:50.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conselleira do Mar vén de asistir recentemente á inauguración das III Xornadas da Flota do Cerco organizadas pola Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA), recoñecendo na súa intervención que a organización das III Xornadas responde á convicción do sector de "coidar o noso medio mariño co obxectivo de facer que a nosa actividade sexa sostíbel nos eixos social, ambiental e económico".

E, efectivamente así é. A flota cerqueira de Galiza -a pesar das moitas situacións complexas que levan vivido nos últimos anos- vén mantendo unha actitude absolutamente responsábel co coidado e a sostibilidade dos recursos mariños.

Non entanto, o goberno galego, ao contrario do que sucede con outros gobernos que teñen flotas pesqueiras que non acadan o calibre da nosa, parece querer condicionar o acceso sostíbel aos recursos a aqueles que máis contribúen á economía local, aos que menos danan o medio ambiente mariño e, sobre todo, a aqueles que reparten entre as comunidades costeiras os beneficios obtidos.

Os criterios socioeconómicos, a sostibilidade das pesquerías e o reparto equitativo dos recursos en función da flota e o número de empregados debera ser a



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:35:50
Nº Rexistro: 8251
Data envio: 18/01/2021 12:35:50.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principal orientación da actuación do goberno galego no sector do mar. Mais, a falla de regulación dos caladoiros, precisamente tomando como referencia eses principios, estase a converter nunha grande preocupación e nun problema ben serio para a flota cerqueira galega asociada en ACERGA.

Hai xa tres anos que esta flota vén levando a cabo a súa propia regulación, impoñendo un tope de capturas ao xurelo de 750 Kg. por tripulante e día durante catro xornadas á semana que, no seu momento, obtivo o apoio da Federación Galega de Confrarías.

Deste xeito, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia pretende que os topes que se autoimpuxeron daquela teñan o seu reflexo legal, podendo así acollerse a unha norma que atinxa ademais de aos cerqueiros galegos a todos aqueles que vendan na nosa Comunidade.

A propia Asociación presentou a súa proposta á Consellería do Mar quen, a priori, concordou e mesmo remitiu á Secretaría Xeral de Pesca do goberno do Estado para a súa tramitación.

Mais, aínda sabendo que o informe da Comisión Galega da Competencia non é neste caso preceptivo nin vinculante para o trámite mencionado, a Consellería optou por achegárllelo á Secretaría Xeral de Pesca. Un informe desfavorábel, que ve na autorregulación unha posíbel incidencia no libre mercado do xurelo e incluso a posibilidade de que se incorra nun suposto abuso de posición dominante.

A Secretaría Xeral de Pesca entende que ese informe determina que a proposta non cumpre cos requisitos das normas da competencia e que, polo tanto, a autorregulación non debería ser obrigatoria e, polo tanto, solicita da Consellería outro informe para poder elevala á Comisión Europea.



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:35:50
Nº Rexistro: 8251
Data envio: 18/01/2021 12:35:50.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xorde así a discrepancia entre a Secretaría Xeral e a Consellería de Pesca, que é favorábel a que a tramitación continúe e a que, finalmente, decida a Comisión Europea quen, por certo, contempla excepcións á suxeición ás normas da competencia.

E, entrementres, as súper descargas de miles de quilos de xurelo nunha noite campan ás súas anchas e provocan a caída dos prezos e a esquilmación salvaxe dos caladoiros.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Considera o goberno galego que o informe emitido pola Comisión Galega da Competencia é vinculante e/ou preceptivo na tramitación da norma de regulación do xurelo?

- De non ser así, cal é a razón pola que a Consellería do Mar o solicitou e o remitiu á Secretaría Xeral de Pesca?.

- Concorda o Goberno Galego en que unha norma deste tipo serviría para contribuír á sostibilidade social, ambiental e económica da pesquería do xurelo?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da autorregulación que vén mantendo dende hai tres anos a flota pertencente á Asociación de Armadores do Cerco de Galicia?

- Que valoración fai o goberno galego das descargas masivas de xurelo que se veñen producindo nos portos galegos? Ten intención de impedilas e/ou limitalas dalgún xeito?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:35:50
Nº Rexistro: 8251
Data envio: 18/01/2021 12:35:50.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente a Xunta de Galiza de que esquilman os caladoiros e provocan a caída dos prezos do xurelo? Se o é, como pensa impedilas ou, cando menos, limitalas?

- Está disposta a defender a Xunta de Galiza a proposta normativa de regulación da pesquería do xurelo que efectuou á Secretaría Xeral de Pesca? Como vai resolver a discrepancia xurdida entre as dúas administracións? En que prazo?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:35:23**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:35:26**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:35:36**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 8252
Data envio: 18/01/2021 12:37:49.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **María do Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a situación do servizo de gardacostas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aprobou no ano 2017 a contratación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependente da Consellaría do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

O contrato foi adxudicado á empresa Babcock España (antiga INAER) por unha vixencia de 4 anos máis 2 de prórroga e por un importe de preto de 51 millóns de euros. O propio presidente da Xunta xustificou publicamente ese importe "polas melloras que se incluíron no prego de condicións".

Unha desas "melloras" é a referida á redución en 24 horas do tempo de relevo da aeronave (o contrato anterior establecía como período de relevo un máximo de 72 horas). Segundo se estipula no prego de contratación "no caso de que o helicóptero quedase fóra de servizo por calquera causa, a empresa porá a disposición da Consellaría no menor tempo posíbel, e en todo caso antes dun prazo máximo de 48 horas, un helicóptero das mesmas características e prestacións, ou superiores, sen cargo algún para a Consellaría".



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 8252
Data envio: 18/01/2021 12:37:49.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres tanto, esa "mellora" amosouse incumprida dende aquela en varias ocasións por parte da empresa, sen que nos conste apercibimento, apertura de expediente ou penalización por parte da Xunta de Galiza. Incumprimentos que consideramos graves porque poñen en risco un servizo que incide directamente na seguridade do mar.

Os distintos sindicatos levan denunciado ao longo destes anos que os helicópteros do servizo de gardacostas quedan fóra de servizo en ocasións e que, no caso de se presentar unha emerxencia que precisase da súa intervención, os recursos estarían reducidos ou serían inexistentes.

Estas denuncias poñen de manifesto claramente que a privatización do servizo dende o ano 2012 por parte da Xunta non prima a importancia dos rescates e outras eventuais emerxencias senón só o criterio económico e de aforro da empresa adxudicataria.

E así, o pasado 11 de outubro, volveu quedar fóra de servizo un helicóptero, o Pesca 1, ao que se lle activaron os flotadores de emerxencia (obrigatorios en todos os helicópteros que realicen voos sobre o mar) durante o voo, e veuse veu obrigado a aterrar de emerxencia no aeroporto de Peinador. A partir dese momento, o helicóptero dáse por inoperativo ou fóra de servizo e permanece así toda a semana sen que a empresa o substitúa. A día de hoxe, está en funcionamento, mais Babcock España decidiu que operase sen os flotadores, decisión que no mar é altamente arriscada e cuestionábel por supoñer unha clara diminución das capacidades de rescate do helicóptero e unha morte segura para a tripulación no caso dunha amerizaxe de emerxencia.

A Consellaría do Mar é coñecedora, e como consecuencia consinte e tolera, eses reiterados incumprimentos do prego de condicións por parte da empresa. E tamén o é do



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito de que se teñen posto á súa disposición helicópteros que non cumprían con todas as especificacións requiridas e, polo tanto, con inferiores prestacións para un servizo que é vital nas nosas costas e que con este tipo de actuacións pon en risco claro ás tripulacións e ao propio salvamento da xente do mar.

Ademais, ten ocorrido que a inoperatividade dos helicópteros do servizo de gardacostas de Galiza foi suplida cos servizos do Helimer, pertencente á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) do Estado e da que a Xunta é colaborador. Mais, nesta ocasión, o Helimer estivo tamén inoperativo o pasado martes, día 20, e a día de hoxe continúa cun só rescatador dos dous que compoñen a tripulación habitual. Así que, neste momento de 4 helicópteros que dan servizo público en Galiza só permanecen totalmente operativos o Helimer Cee/Santiago (que ten un tempo de resposta non inferior a unha hora) e o Pesca 2.

É dicir, no caso dunha emerxencia neste momento, os servizos que pagamos todos os galegos e galegas estarían reducidos á metade e sen posibilidades de facerlle fronte. Polo tanto, é urxente que a Consellaría esixa o cumprimento estrito do establecido no contrato a Babcock España coa finalidade de solucionar definitivamente esta serie de despropósitos e non siga tolerando a exposición que supón a inoperatividade dalgún helicóptero ou o seu funcionamento en condicións deficientes.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da grave situación que se está a dar na actualidade no Servizo de Gardacostas de Galiza?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 8252
Data envío: 18/01/2021 12:37:49.565

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten coñecemento o Goberno galego de que situacións como a actual xa se teñen dado noutras ocasión? Que actuacións ten levado a cabo para solucionalas? Houbo nalgún momento apercibimento, apertura de expediente ou penalizacións á empresa polo deficiente servizo que está a prestar?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento do contrato adxudicado á empresa Babcock España respecto dos helicópteros so Servizo de Gardacostas de Galiza?

- É consciente o Goberno galego de que situacións como a actual poñer en serio risco a vida das tripulacións dos helicópteros e a das xentes do mar a quen vai dirixido fundamentalmente o Servizo de Gardacostas de Galiza?

- Que melloras considera a Xunta de Galiza que supuxo a privatización do Servizo?

- Entra dentro das previsións da Xunta de Galiza recuperar para a xestión pública o Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**María do Carme González Iglesias**
**Daniel Castro García**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:37:49
Nº Rexistro: 8252
Data envio: 18/01/2021 12:37:49.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:37:17**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:37:21**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:37:30**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:40:45
Nº Rexistro: 8253
Data envio: 18/01/2021 12:40:45.964

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as compensacións económicas para mariscadores e mariscadoras pola dragaxe da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE do 22 de setembro publicou o anuncio da Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), sobre a aprobación definitiva do proxecto "Dragado ambiental de los sedimentos de la ría do Burgo".

A Orde do 28 de setembro de 2020, publicada no DOG do 29 de setembro, modifica "determinados plans de explotación marisqueira con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo".

A Confraría de Pescadores da Coruña presentou recurso de reposición a esta Orde, solicitando que nela se aseguraran -previo acordo das administracións implicadas no proxecto e da propia Confraría- as compensacións económicas para as e os afectados e tamén para a entidade durante o tempo que duren as obras e ata o inicio da práctica do marisqueo con normalidade.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:40:45
Nº Rexistro: 8253
Data envío: 18/01/2021 12:40:45.964

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este recurso foi desestimado pola Consellaría do Mar alegando que ela non é nin titular nin executora do proxecto de dragaxe e asegurando que as posíbeis compensacións económicas corresponden á administración do Estado.

Desestimación que se produce sen que a Consellaría do Mar acudise, nin dese ningún tipo de explicación sobre a súa inasistencia, á convocatoria que a Confraría de Pescadores da Coruña fixo ás dúas administracións implicadas para tratar este tema e que tería lugar a finais do mes de outubro.

Tampouco se tivo en conta na desestimación que, no pasado (2009, 2010, 2011...), a propia Consellaría estableceu convenios coa Confraría da Coruña para a realización do plan de recuperación da ría do Burgo, mediante os que comprometía determinadas cantidades económicas para as e os afectados.

O 04 de novembro, o MITECO anuncia o inicio da contratación das obras de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

A día de hoxe, aínda non están garantidas as medidas económicas compensatorias que percibirían as mariscadoras e mariscadores e a Confraría durante o período que duren as obras (entre 21 e 26 meses).

Tal e como indicara no seu día a Mesa da Ría do Burgo -constituída pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en defensa da ría do Burgo, a Universidade da Coruña e os Concellos de Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros-, consideramos que as compensacións económicas para o sector marisqueiro son necesarias xa que a paralización da actividade mentres se executa a dragaxe ocasionará graves perdas económicas e mesmo pon en risco a posibilidade de retomala unha vez remate a actuación.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:40:45
Nº Rexistro: 8253
Data envio: 18/01/2021 12:40:45.964

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta incomprensíbel que aínda non estea resolto este extremo cando o comezo das obras parece xa moi próximo e cando existen mecanismos legais suficientes para facelo. E aínda é máis sorprendente que a Consellaría do Mar se desentenda do problema sen máis, sen acudir a dialogar coa Confraría e sen interesarse polo futuro dos 49 mariscadoras e mariscadores a pé, dos 29 a flote e da propia Confraría.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

Cales foron os motivos que levaron á Xunta de Galiza a non acudir á convocatoria da Confraría de Pescadores da Coruña para tratar as compensacións económicas ao sector marisqueiro e á propia Confraría durante o período que duren as obras de dragaxe da ría do Burgo e que debía realizarse a finais do pasado mes de outubro?.

Considera a Xunta de Galiza que esas compensacións económicas son necesarias e, polo tanto, deben asegurarse por parte da administración?

Está disposto o goberno galego a levar a cabo de xeito urxente todas as actuacións que sexan necesarias para asegurar as nomeadas compensacións económicas?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:40:45
Nº Rexistro: 8253
Data envio: 18/01/2021 12:40:45.964

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:40:03**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2021 12:40:07**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:40:18**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:40:25**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:44:15
Nº Rexistro: 8254
Data envio: 18/01/2021 12:44:15.955

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre os criterios de reparto das embarcacións que faenan no País Vasco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema que está a aplicar a Consellaría do Mar para decidir que embarcacións poden pescar dentro das augas autonómicas do País Vasco, vén provocando un profundo malestar entre as entidades e embarcacións do cerco pola súa falla de transparencia e por consideralo moi pouco equitativo.

Nomeadamente, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) -formada pola inmensa maioría do sector do cerco en Galiza, 115 dos 152 barcos que figuran no censo do cerco segundo o propio rexistro de buques da Comunidade Autónoma- vén amosando dende hai tempo a súa disconformidade cos criterios empregados pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galiza.

Dende o ano 2008, só 5 embarcacións con porto base en Galiza poden faenar de xeito simultáneo cada semana en augas interiores do País Vasco.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:44:15
Nº Rexistro: 8254
Data envio: 18/01/2021 12:44:15.955

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Dirección Xeral de Pesca decide cales son esas 5 embarcacións a partir dun método que non parece o máis transparente e fiábel: Recibe as solicitudes por fax e, segundo a súa orde de entrada, remítense a Euskadi para que emita as autorizacións.

Como o número de solicitudes é superior ás autorizacións que se poden conceder, finalmente escóllese unha embarcación por asociación e seguindo a orde de entrada da solicitude.

O primeiro que chama a atención deste método é que se reparta unha embarcación por asociación cando non todas as asociacións son equiparábeis en canto ao número de embarcacións que aglutinan.

O segundo, aínda máis chamativo, é que a orde de entrada das solicitudes case sempre é acaparada polos mesmos barcos e non, precisamente, os pertencentes ás entidades que máis embarcacións teñen. Tanto é así, que na actualidade hai xa moitas confrarías que, como xestoras das solicitudes, caeron no desánimo e a incredulidade da equidade do sistema de reparto empregado e hai tempo que desistiron de envíalas.

Deste xeito, para a Dirección Xeral de Pesca, todas as asociacións son tidas en conta por igual, independentemente de que conten con 115 barcos ou con 37, que son os que restan ata completar os que están inscritos no rexistro de buques de Galiza.

Con este criterio, as asociacións máis numerosas xa parten con desvantaxe. E, se a isto lle engadimos que, curiosamente, os fax que entran primeiro son moitas veces os mesmos, obtemos un resultado ben desigual, discriminatorio e que, dende logo, dá poderosas razóns a aqueles que manifestan reiteradamente as súas queixas en contra del.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:44:15
Nº Rexistro: 8254
Data envio: 18/01/2021 12:44:15.955

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A administración non debera, en ningún caso, ser parcial. A súa función é aplicar as normas dun xeito obxectivo, transparente, ponderado e razoado e, sobre todo, tentando unir a calquera sector que ten un obxectivo común.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

Que valoración fai o goberno galego do sistema que emprega para repartir as 5 licenzas a barcos de Galiza que poden faenar simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco?

Considera a Xunta de Galiza que ese sistema é mellorábel?

Se é así, está disposto a deseñar, de acordo co sector, e aprobar o que satisfaga á maioría del?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:44:15
Nº Rexistro: 8254
Data envio: 18/01/2021 12:44:15.955

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García  na data 18/01/2021 12:43:16**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:43:19**

**Rosana Pérez Fernández  na data 18/01/2021 12:43:26**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:47:38
Nº Rexistro: 8255
Data envío: 18/01/2021 12:47:38.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo** e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del, pouco a pouco mais ininterrompidamente.

Diante de esta situación, o pasado día 16 de outubro do 2020, e por iniciativa do BNG, o Parlamento de Galiza adoptou por unanimidade o seguinte acordo: "O Parlamento de Galiza insta ao goberno da Xunta e máis ao goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na Ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadoras e mariscadores pactadas co propio sector."

Mais desde aquel día non tivemos coñecemento de ningunha actuación por parte da Xunta de Galiza dirixida a dar cumprimento a este acordo parlamentario.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:47:38
Nº Rexistro: 8255
Data envio: 18/01/2021 12:47:38.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola nosa parte visitamos a mencionada estación de bioloxía mariña da Graña para coñecer de primeira man a súa diagnose sobre a ría, a súas capacidades técnicas para realizar ou colaborar na realización dos estudos que poidan resultar precisos, e a súa dispoñibilidade.

Nesa visita atopamos un equipo pronto a prestar calquera colaboración que se lle solicite na liña do acordo parlamentario, adiantáronnos a súa opinión de que con toda seguridade a problemática da ría é de carácter multifactorial, e non exclusiva da presencia dun determinado parásito, así como a urxencia da realización dun estudo integral da ría que inclúa dinámicas hídricas, análise de sedimentos, e parámetros de auga.

Ante a falta de actuacións por parte da Xunta e premidos pola grave situación do sector os patróns e a patroa maiores das confrarías da ría de Ferrol instaron por escrito dirixido a diferentes administracións e entidades públicas o cumprimento do acordo parlamentario.

Aínda sen resposta formal de ningún de estes organismos, a consellaría por fin convocou ao sector a unha reunión que tivo lugar o mércores 18 de novembro, e na que, segundo parece, se lles comunica a nula vontade de dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade neste Parlamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Que xestións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo parlamentario mencionado?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:47:38
Nº Rexistro: 8255
Data envio: 18/01/2021 12:47:38.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Púxose en contacto con algún organismo do goberno estatal para tratar a situación da ría de Ferrol? Con cal? Chegaron a algún acordo? En que consiste?

3. Púxose en contacto cos organismos ou departamentos técnicos da Xunta aludidos no acordo para realizar os estudos precisos? Con cal? Fixéronlles algún encargo?

4. Púxose en contacto coa USC ou coa Estación de bioloxía mariña da Graña? Fixéronlles algún encargo?

5. Púxose en contacto coas confrarías da ría?

6. Celebraron algunha reunión? Quen participou en representación da Xunta de Galiza?

7. Cal foi a posición da Xunta nesa reunión? Por que?

8. É habitual por parte da Xunta de Galiza incumprir os acordos parlamentarios?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:47:09**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 12:47:13**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 8257
Data envio: 18/01/2021 12:50:22.087

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López** e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o proxecto do porto compartido mixto de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación dun "porto compartido" mixto na Ría de Cee e Corcubión, para embarcacións profesionais e recreativas, é unha das "demandas históricas" do Concello de Corcubión e da Costa da Morte.

Dende o Concello de Corcubión vense solicitando de Portos de Galiza esta obra dende fai trinta anos. E máis recentemente, no 2016, reiterouse esta solicitude por parte da Confraría de Pescadores de Corcubión, conxuntamente co Presidente do Club Marítimo Carrumeiro. Solicitude respaldada xa nese momento polos alcaldes dos Concellos de Dumbría, Fisterra, Cee e Corcubión, así como polos representantes das diferentes forzas políticas deses concellos.

Tanto os axentes sociais, recreativos, como económicos e empresariais coinciden en que o desenrolo económico da zona pasa, necesariamente, por potenciar a pesca e o turismo. E nesa liña, a creación dun porto compartido mixto na Ría de Cee e Corcubión, ubicado na enseada de fondeo actual (aproveitando o actual porto) estaría plenamente xustificada.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 8257
Data envio: 18/01/2021 12:50:22.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que ter en conta que o número de embarcacións na ría, ubicadas en Corcubión, ascende a case 200 (variando segundo a época), entre profesionais da baixura e embarcacións de recreo.

Foi aínda en xullo deste ano cando a Conselleira do Mar, Rosa Quintana, nunha reunión coa Confraría de Pescadores de Corcubión, manifestou que se elaborara un estudo por técnicos de Portos de Galiza onde se deseñaban posibles alternativas de abrigo e unha aproximación orzamentaria. Nesa visita tamén anunciou que habería unha nova reunión técnica entre responsábeis de portos e do sector profesional e náutico-recreativo.

Case medio ano despois, a creación do porto compartido mixto segue paralizada e sen que por parte da Xunta e Portos de Galiza se informase aos axentes implicados (Confraría de Pescadores, entidades náutico-recreativas ou mesmo responsábeis políticos) sobre os estudos realizados ou a existencia dun proxecto. E moito menos, dunha previsión orzamentaria para realizar a obra.

Actuación que se revela imprescindíbel e urxente polo pulo económico que suporía para a zona ese porto, permitindo, ademais das propias, o amarre de embarcacións deportivas que cheguen de outros puntos (sobre todo na época estival); e que no relativo á Baixura, solucionaría problemas de espazo de amarre, e mesmo de seguridade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta acometer no próximo ano a obra do Porto Compartido Mixto de Corcubión, solicitada pola totalidade dos axentes económicos, sociais e políticos da zona?

Existe un proxecto para a creación do Porto Compartido Mixto de Corcubión? De existir, en que momento da súa tramitación se atopa ese proxecto?

Considera a Xunta que coa actuación relativa ao Porto Mixto compartido de Corcubión se mellorarían as infraestruturas portuarias?

Considera a Xunta que a actuación relativa ao Porto Mixto Compartido de Corcubión xeraría riqueza e emprego tanto no mesmo porto coma no resto do concello, e mesmo a comarca?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**
**Rosana Pérez Fernández**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 18/01/2021 12:49:05**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:50:22
Nº Rexistro: 8257
Data envio: 18/01/2021 12:50:22.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:49:14**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:51:17
Nº Rexistro: 8261
Data envío: 18/01/2021 12:51:17.851

## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia atópase inmersa nun contexto complexo provocado pola crise dunha pandemia causada pola Covid-19. Dende o mes de marzo do ano pasado, os centros de atención residencial para persoas maiores e dependentes foi un dos sectores máis vulnerables ante o virus, polo que na actualidade, dando comezo o ano 2021 e tendo en conta que os casos de coronavirus se multiplican en Galicia escalando cara a que se prevé a terceira vaga da pandemia, é urxente tomas medidas de calado neste ámbito.

Dende o Grupo Socialista fixemos numerosas propostas neste sentido, a modo de colaborar co Goberno da Xunta de Galicia, dentro dun contexto complexo. Segundo indican os datos, o Goberno autonómico sustentado polo Partido Popular, continúa sen asumir propostas construtivas e coincidentes coas recomendacións que dende o sector e que os propios profesionais demandan

Insistimos novamente na necesidade vital para a seguridade dos nosos maiores de elaborar un Plan de Evacuación de todos os casos de positivos que existan nas residencias de maiores ás residencias intermedias creadas para tal fin, e os casos que o requiran aos hospitais públicos.

A propia Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría demandou en numerosas ocasións esta proposta, co fin de protexer aos nosos maiores e á vez evitar a propagación do propio virus.

Por outra banda, é fundamental que a Xunta de Galicia traslade a este parlamento toda a información requirida polos grupos parlamentarios co fin de poder realizar o traballo como representantes da cidadanía galega, e polo tanto é urxente que se trasladen os datos de contaxios e falecementos de todos os centros de atención residencial separados por centro. Deste xeito será posible optimizar o seguimento e o labor de oposición de xeito construtivo e propositivo.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:51:17
Nº Rexistro: 8261
Data envío: 18/01/2021 12:51:17.851

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia elaborar un protocolo de evacuación de todos os positivos por Covid-19 dos propios centros residenciais para protexer ao resto de residentes e evitar a propagación do virus?

2.ª) Ten previsto a Consellería de Política Social aportar os datos de contaxios e falecementos a causa da Covid-19 por cada centro residencial?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 18/01/2021 12:48:07**

**Julio Torrado Quintela na data 18/01/2021 12:48:18**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Ya7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:52:50
Nº Rexistro: 8266
Data envío: 18/01/2021 12:52:50.610

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Noelia Pérez López, Guadalupe Murillo Solís, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela** e **Ana Belén García Vidal,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xusticia e Interior.**

O deporte, en todas as súas manifestacións e disciplinas, constitúe nos momentos actuais unha das actividades con maior arraigo na nosa sociedade.

A práctica deportiva asociase directamente a nivel individual a un modo de vida saudable a calquera idade, e a nivel colectivo a unha serie de valores sociais moi positivos para o desenvolvemento persoal e a socialización.

Tomando como referencia a "Constitución Española", corresponde aos poderes públicos o fomento da educación sanitaria, a educación física e o deporte así como facilitar a adecuada utilización do lecer.

Nos últimos tempos a evolución do sistema deportivo do noso país mudou radicalmente, e unha infinidade de actuacións, procesos e investimentos por parte dos distintos axentes deportivos, públicos e privados, foi modificando substancialmente o panorama dos servizos deportivos orientados á cidadanía como un medio máis para a mellora da súa calidade de vida.

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:52:50
Nº Rexistro: 8266
Data envio: 18/01/2021 12:52:50.610



O Compromiso da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte có desenvolvemento integral do deporte galego é evidente.

Espazos deportivos cada vez máis preto dos cidadáns, con mellores e máis modernas instalacións e que actuan como impulsores de novas actividades e hábitos de vida saudables.

Polo exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta, para ser respondida en Comisión:

No exercicio das competencias e funcións da Secretaría Xeral para o Deporte, ¿cales son as actuación futuras que ten previsto realizar tanto na mellora das infraestruturas como dos equipamentos deportivos na provincia de Ourense e no Concello de Ourense en particular?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:52:50
Nº Rexistro: 8266
Data envio: 18/01/2021 12:52:50.610

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 18/01/2021 12:50:01**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 18/01/2021 12:50:20**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 18/01/2021 12:50:36**

**José Antonio Armada Pérez na data 18/01/2021 12:50:49**

**José Alberto Pazos Couñago  na data 18/01/2021 12:51:10**

**Paula Prado del Río na data 18/01/2021 12:51:21**

**José Manuel Rey Varela na data 18/01/2021 12:51:38**

**Ana Belén García Vidal na data 18/01/2021 12:51:56**

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:54:25
Nº Rexistro: 8267
Data envío: 18/01/2021 12:54:25.147

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o incumprimento no contrato da empresa de helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no pasado mes de outubro este grupo parlamentar denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock España, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaría do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Dende aquela, segue a sucederse a falla de cumprimento manifesto por parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación, sen que nos conste que a Consellaría tivese velado polo correcto cumprimento das condicións de prestación do contrato. Moi ao contrario, Babcock España ten tomado distintas medidas coercitivas contra os  traballadores e mesmo algún despido aducindo "diminución continuada e voluntaria do traballo".

O incumprimento sistemático das prescricións contractuais por parte da empresa e a situación intolerábel á que está a someter aos seus traballadores debera ser motivo de atención inmediata por parte da Consellaría do Mar, sobre todo porque se trata dun



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo vital para a xente do mar e estanse a poñer en grave risco tanto as tripulacións como a resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

Os graves incumprimentos que denunciabamos no mes de outubro (manter case dúas semanas o Pesca 1 de Vigo sen flotadores, elemento de seguridade vital que o propio contrato recolle como obrigatorios), intensificáronse coa medida de Babcock España de seguir mantendo o helicóptero operativo sen flotadores mais limitando a operatividade a unha distancia á costa de 20 millas náuticas. Limitación da que a Xunta debera ter coñecemento.

O 30 de outubro, mentres o Pesca 1 de Vigo continúa nestas condicións, é solicitado o servizo para facer unha evacuación médica a unhas 90 millas das illas Cíes. Diante das limitacións do Pesca 1, a ese servizo tivo que acudir o Helimer 402 da Coruña que trasladaría ao capitán do buque quimiqueiro "Gogland" ata o aeroporto de Vigo.

A partir de aí, a empresa traslada ao helicóptero que ten na base de Viveiro á de Vigo con total operatividade e mantén na base da Mariña de Lugo un helicóptero de substitución que, de novo, non cumpre os requisitos esixidos no contrato. Mais o peor é que non é a primeira vez, xa que este helicóptero sen as capacidades suficientes para desenvolver o traballo con garantías leva na base de Viveiro case o 50% dos días de servizo no que vai de ano, é dicir, máis de 150.

A empresa Babcock España subscribeu no seu momento un contrato cunhas condicións claras e expresas que vén incumprindo impunemente. As consecuencias véñennas soportando os seus traballadores, con ameazas reiteradas e mesmo despidos e, o que é moitísimo máis grave, o sector do mar, para o que é imprescindíbel que o Servizo de Gardacostas de Galiza funcione correctamente e con todas as garantía.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 12:54:25
Nº Rexistro: 8267
Data envio: 18/01/2021 12:54:25.147

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista de todos estes feitos, ponse de manifesto que a actuación da Consellaría do Mar queda máis que en entredito, pois non é xustificábel que se é coñecedora do que vén ocorrendo non teña actuado xa e non selo resultaría absolutamente inexplicábel.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza dende o pasado mes de outubro, data da última denuncia deste grupo no Parlamento, para comprobar se a empresa Babcock España cumpre rigorosamente todas e cada unha das cláusulas do contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza?

Ten coñecemento dos feitos que este grupo denunciaba daquela o dos que denuncia agora? De ser así, por que non ten actuado para corrixilos e evitar males maiores?

Está a Xunta de Galiza en condicións de asegurar que a Consellaría do Mar cumpre as condicións do contrato de adxudicación en canto ás prerrogativas que este lle otorga sobre control, inspeccións e penalizacións á empresa adxudicataria?

Ante a gravidade dos feitos que se veñen producindo, vai a Xunta de Galiza a tomar as medidas que poñan fin á situación de impunidade na que actúa a empresa?.

Considera a Xunta de Galiza que as actuacións que se veñen dando por parte da empresa, tanto cos seus propios traballadores como coa propia prestación do servizo, merecen seguir sen consecuencias de ningún tipo?. Encontra proporcionalidade entre a prestación do servizo e o que se lle paga á empresa por el?.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai iniciar as actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2021 12:53:39**

**María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 12:53:43**

**Daniel Castro García na data 18/01/2021 12:53:50**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:10:16
Nº Rexistro: 8268
Data envio: 18/01/2021 13:10:16.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o modelo de residencias existente en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias e de privatización das residencias de maiores e persoas con discapacidade en Galiza.

Unha situación que se amosou agora, centrando a atención pública polas dramáticas cifras de contaxios e falecementos por coronavirus, mais que é anterior a esta pandemia e que foi denunciada en múltiples ocasións polo Bloque Nacionalista Galego.

Cómpre lembrar que no seu último informe, publicado en 2018, o Consello de Contas situou o número de prazas residenciais en Galiza por baixo das recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS). Fronte ás 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos recomendadas, no noso país hai 3,1 sendo, ademais, a maior parte delas privadas. Das máis de 21 mil prazas residenciais existentes en Galiza, só 8.154 son públicas.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:10:16
Nº Rexistro: 8268
Data envio: 18/01/2021 13:10:16.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois, a situación dos centros residenciais non é nova nin foi provocada pola COVID-19 senón que o virus puxo ao descuberto as consecuencias dun modelo no que a atención ás persoas maiores en Galiza está ao servizo de empresas privadas que converten a vellez nun negocio moi lucrativo.

Para o Bloque Nacionalista Galego a atención ás persoas maiores en espazos residenciais diferentes aos seus domicilios debe garantir os dereitos das persoas usuarias procurando o benestar e o coidado destas e non a rendibilidade económica.

Após o acontecido, fica claro que a pandemia provocada pola COVID-19 debe significar un punto de inflexión que deixe atrás o actual modelo para construír un novo asentado no carácter público destes centros, a súa xestión directa, e a suficiencia nos recursos económicos, materiais e humanos precisos. Isto é, pasar dun modelo residencial privatizador a un servizo público centrado nas persoas, próximo, dimensionado, que favoreza a convivencia e a intervención adaptada ás persoas usuarias.

Por todo o exposto anteriormente presenta a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza o actual modelo de centros residenciais para maiores?

- Cre o Goberno galego que o número de prazas públicas son suficientes?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:10:16
Nº Rexistro: 8268
Data envio: 18/01/2021 13:10:16.257

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre a Xunta de Galiza que se garanten o servizo público e os dereitos das persoas usuarias nun modelo no que a maior parte das prazas residenciais son privadas?

- Pensa a Xunta de Galiza mudar o actual modelo de centros residenciais no noso país para garantir o dereito a unha vellez digna?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 13:09:32**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 13:09:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2021 13:09:52**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:13:27
Nº Rexistro: 8269
Data envio: 18/01/2021 13:13:27.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o peche dos centros de día da Cruz Vermella en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Cruz Vermella anunciou recentemente ás familias do persoal usuario o peche dos seus Centros de Día en Galiza a partir do mes de setembro.

Esta decisión foi tomada de forma unilateral, sen ter mediado ningún proceso de diálogo coas familias copagadoras e sen marxe de tempo suficiente para estas procuraren solución alternativa para o coidado dos seus maiores e dependentes.

A Cruz Vermella argumentou razóns económicas para xustificar esta decisión, alegando que o cumprimento dos protocolos de seguridade derivados da pandemia da COVID-19 inviabiliza do punto de vista económico o mantemento deste servizo.

Dado que as familias das usuarias aboan unha cantidade mensual, estas ofrecéronse para valoraren posibilidades que puidesen contribuír ao mantemento deste servizo básico de coidados e conciliación para as usuarias e as propias familias.

A Cruz Vermella é unha entidade perceptora de subvencións por parte da Xunta de Galiza a cargo dos seus orzamentos, mais estes centros só estiveron abertos pouco máis de dous meses, o tempo previo ao confinamento.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:13:27
Nº Rexistro: 8269
Data envio: 18/01/2021 13:13:27.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De se consumar este peche, acentuarase aínda máis o déficit de oferta de prazas existente nos centros de día en Galiza coa consecuente desatención das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a decisión do peche dos centros de día da Cruz Vermella en Galiza?

- Considera que con este peche se acentuaría aínda máis o xa contrastado déficit de prazas existentes na oferta concertada, aínda agudizado pola falta de oferta en prazas públicas?

- Que actuacións de fiscalización contempla a Xunta de Galiza a respecto da Cruz Vermella unha vez que foi entidade receptora de diñeiro público para atender un servizo en 2020 que non ofreceu?

- Que medidas vai tomar o goberno galego para incrementar a oferta de prazas públicas en centros de día en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:13:27
Nº Rexistro: 8269
Data envio: 18/01/2021 13:13:27.939

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2021 13:12:12**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 13:12:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 13:12:28**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2021 13:12:35**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:17:30
Nº Rexistro: 8270
Data envio: 18/01/2021 13:17:30.843

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a construción dun novo centro de saúde no Concello de Antas e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual centro de saúde de Antas de Ulla foi construído en 1988 e na actualidade atópase en malas condicións e lonxe de estar adaptado ás necesidades da poboación que atende.

De feito, en decembro de 2019 Alternativa Veciñal de Antas (AVA) denunciou publicamente o mal estado no que se atopaba a infraestrutura, a existencia de goteiras nas consultas, problemas de illamento que causan a aparición de humidades e dificultades para manter o edificio a unha temperatura acaída, o sistema de calefacción rexistrou múltiples avarías, etc.

En febreiro deste ano 2020 o alcalde de Antas e o SERGAS anunciaron a sinatura dun convenio de colaboración polo que a Xunta de Galiza se comprometeu a construír un novo centro de saúde nunha parcela municipal, situada na Avenida de Lugo, que lle cedería o Concello.



CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Efectivamente, nun pleno extraordinario que tivo lugar o 11 de marzo de 2020 acordouse a devandita cesión.

Segundo as informacións publicadas en diversos medios de comunicación a Consellaría de Sanidade asegurou que a licitación da redacción do proxecto para a construción do novo centro de saúde tería lugar en xuño do presente ano.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- En que estado se atopa o proxecto de construción dun novo centro de saúde no Concello de Antas?

- Con que calendario e investimento conta a Xunta de Galiza para este proxecto?

- En que prazo de tempo cre o Goberno galego que podería contar a veciñanza de Antas co novo centro de saúde?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:17:30
Nº Rexistro: 8270
Data envio: 18/01/2021 13:17:30.843

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández  na data 18/01/2021 13:16:47**

**Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 13:16:56**

**María Montserrat Prado Cores  na data 18/01/2021 13:17:06**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:26:49
Nº Rexistro: 8271
Data envio: 18/01/2021 13:26:49.809

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o tempo de tramitación das axudas á dependencia, a listaxe de agarda para a percepción da prestación e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a Xunta de Galiza foi condenada polo TSXG a pagar a prestación dun dependente falecido á súa filla após seis anos de silencio administrativo. A actitude do Goberno galego durante todos eses anos foi considerada polo alto tribunal como "censurable" e "reprobábel".

Este caso concreto, coas súas particularidades, pon de manifesto, unha vez máis, a realidade que viven centos de persoas en Galiza. Persoas dependentes que tendo dereito a recibir unha prestación, de acordo coa Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, agardan durante anos a recibila chegando mesmo a falecer durante a espera.

De feito, segundo os datos publicados pola Asociación estatal de directoras e xerentes en servizos sociais, en Galiza durante os seis primeiros meses de 2020 faleceron 388 persoas mentres agardaban a prestación que tiñan recoñecida e 7 morreron esperando a ser valoradas.



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:26:49
Nº Rexistro: 8271
Data envio: 18/01/2021 13:26:49.809

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Detrás das cifras hai nomes e apelidos, persoas de carne e óso especialmente vulnerábeis ás que se lles están a negar dereitos.

Certo é que nos últimos anos a Xunta de Galiza e, concretamente, a Consellaría de Política Social axilizou a tramitación dos expedientes reducindo de maneira considerábel as listaxes de agarda, que chegaron a superar as 30.000 persoas no noso país. Porén, aínda hoxe hai 6.400 persoas esperando e a Xunta de Galiza continúa a incumprir o tempo medio de tramitación dos expedientes.

De acordo cos datos dispoñíbeis, no noso país o tempo medio de tramitación é de 341 días, case un ano, cando a lexislación fixa un máximo de seis meses (180 días) "entre a data de entrada da solicitude e a de resolución de recoñecemento da prestación de dependencia" (Disposición final primeira).

Este non é o único incumprimento da denominada Lei de dependencia. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado en innumerábeis ocasións o agravio do Estado español coas persoas dependentes ao non asumir as súas obrigas a respecto das achegas orzamentarias a estas axudas que deberán ser asumidas de maneira compartida (ao cincuenta por cento) pola administración central e a autonómica. Porén, o goberno español nunca, desde a aprobación da lei, achegou tan contía.

Por todo o formulado anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cantas persoas se atopan actualmente en listaxe de agarda para recibir unha prestación de dependencia en Galiza?



CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2021 13:26:49
Nº Rexistro: 8271
Data envío: 18/01/2021 13:26:49.809

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cumpre a Xunta de Galiza co tempo legal estabelecido na tramitación dos expedientes?

- Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ao respecto?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 13:25:29**

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGIvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGlvBpW0Yxa7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/